

**ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO CONCELLO PLENO DO DÍA 29 DE DECEMBRO DE 2016 DE NÚM. 16/2016.-**

Asistentes:

**ALCALDE-PRESIDENTE:**

D. RAFAEL LUÍS CUIÑA APARICIO. (CxG-CCTT).

**CONCELLEIROS:**

D<sup>a</sup>. TERESA VARELA FISTEUS (CxG-CCTT).  
D<sup>a</sup>. KATIA MARGARET PROCINO TOIMIL. (CxG-CCTT).  
D. MIGUEL ÁNGEL MEDELA DOBARRO. (CxG-CCTT).  
D. TOMÁS VILARIÑO FIDALGO. (CxG-CCTT).  
D. NICOLÁS GONZÁLEZ CASARES (PSdeG-PSOE).  
D<sup>a</sup>. CELIA ALONSO CARAMÉS. (PSdeG-PSOE).  
D. JOSE MANUEL HERMIDA ARIAS (PSdeG-PSOE).  
D<sup>a</sup>. LARA RODRÍGUEZ PEÑA. (APAC).  
D. FRANCISCO XAVIER VILARIÑO TABOADA. (BNG).  
D. XOSÉ CRESPO IGLESIAS. (PP).  
D<sup>a</sup>. MARÍA PAZ PÉREZ ASOREY. (PP).  
D. JOSÉ ANTONIO RODRÍGUEZ FERNÁNDEZ. (PP).  
D. JOSÉ ANTONIO VARELA QUINTELA. (PP).  
D<sup>a</sup>. MARÍA ÁLVAREZ PAZ. (PP).  
D. ANTONIO RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ. (PP).  
D. MANUEL FERNÁNDEZ LÓPEZ. (PP).  
D<sup>a</sup>. RAQUEL LORENZO FERNÁNDEZ. (PP).  
D<sup>a</sup>. EVA MARÍA MONTOTO MÉNDEZ. (PP).  
D<sup>a</sup>. MARÍA JOSÉ SENANDE MÉIJOME. (PP).  
D. JUAN JOSÉ CRUZ GARCÍA. (CONCELLEIRO NON ADSCRITO)

**SECRETARIO ACCIDENTAL:** D. JORGE GARCÍA FERNÁNDEZ.

**INTERVENTORA :** D<sup>a</sup>. MARTA OVIEDO CREO.

## **ÍNDICE:**

1.-	Decretos de Alcaldía. Dación de conta.....	Páx. 3
2.-	Informes de Morosidade do Concello de Lalín e do Padroado Cultural correspondentes ao 3º Trimestre do ano 2016. Dación de conta.....	Páx. 8
3.-	Proposta por urxencia para o establecemento do prezo público pola participación na VII Edición da Carreira do Cocido que se celebrará o día 29 de xaneiro de 2017.....	Páx. 9
4.-	Expediente de declaración de especial interese e utilidade municipal das obras de reforma e ampliación do IES Laxeiro.....	Páx. 13
5.-	Moción do Grupo de Goberno para solicitarlle ao goberno do Estado que permita ás entidades locais a reinvestir o seu superávit en 2017.....	Páx. 14
6.-	Moción do Grupo de Goberno para solicitarlle á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria o cambio do sistema de calefacción do Colexio de Prado.....	Páx. 16
7.-	Moción do PP para que a Deputación de Pontevedra incremente os seus investimentos en Lalín.....	Páx. 18
8.-	Moción do PP para a renovación da superficie de xogo da pista 2, a separación física das dúas pistas e o pintado de canchas minideporte na pista que se renove do Pavillón Municipal.....	Páx. 24
9.-	Moción do PP para a derogación da Moción laicista aprobada polo Grupo de Goberno no Pleno de abril de 2016.....	Páx. 26
10.-	Moción do PP para iniciar o expediente para outorgar unha distinción honorífica a D. Rafael Abeledo López pola súa labor desinteresada a prol de Lalín.....	Páx. 31
11.-	Moción do Concelleiro non adscrito para crear un regulamento orgánico de funcionamento do Concello, instar ao goberno a crear unha base que regule a distinción Lalinenses do Ano, e modificar a base 4 das bases que rexerán a distinción “Aldea Singular 2017”.....	Páx. 35
12.-	Moción por urxencia do Grupo de Goberno para solicitarlle á CRTVG que manteña a gala dos Premios Gastronómicos dende Lalín.....	Páx. 43
13.-	Moción por urxencia do Sr. Concelleiro non adscrito para que no caso de que non se realice a Gala do Cocido, se destine o orzamento equivalente ao custe de dita Gala no ano 2016, a un Proxecto de Servizos Sociais.....	Páx. 45
14.-	Rogos e preguntas.....	Páx. 47

Sendo as nove horas do xoves, **día 29 de decembro de 2016**, xuntáronse no salón de sesións do Concello de Lalín (Pontevedra), baixo a Presidencia do *Sr. Alcalde-Presidente, D. Rafael Luís Cuiña Aparicio*, os señores concelleiros que enriba se indican co gallo de celebrar a sesión extraordinaria do Pleno da Corporación, convocada para este día e hora.

A todos os asistentes entregóuselles a Orde do Día, o expediente púxose á súa disposición e cumpríronse todas as determinacións previstas na normativa vixente.

Actúa como Secretario Accidental, *D. Jorge García Fernández*.

Actúa como Interventora, *D<sup>a</sup>. Marta Oviedo Creo*.

De orde do Sr. Presidente, e seguindo as súas instrucións, entrouse no estudo e na deliberación dos asuntos que conforman a Orde do Día co seguinte resultado:

### **1.- DECRETOS DE ALCALDÍA. DACIÓN DE CONTA.-**

Dáse conta das seguintes resolucións ditadas pola Alcaldía dende a última relación comunicada a este órgano.

***O Concello Pleno quedou enterado.***

### **2.- INFORMES DE MOROSIDADE DO CONCELLO DE LALÍN E DO PADROADO CULTURAL CORRESPONDENTES AO 3º TRIMESTRE DO ANO 2016. DACIÓN DE CONTA.-**

A Presidencia deu conta dos informes de morosidade do Concello de Lalín e do Padroado Cultural de Lalín correspondentes ao terceiro trimestre do ano 2016 elaborados pola Tesourería Municipal.

De seguido o *Sr. Secretario* procedeu a resumir o contido dos ditos informes referidos ao terceiro trimestre do ano 2016 do PMP.

Seguidamente, **o Pleno da Corporación:**

**Primeiro.-** Tomou coñecemento dos informes de morosidade do Concello de Lalín e do Padroado Cultural de Lalín correspondentes ao terceiro trimestre de 2016, emitidos pola Tesourería Municipal.

**Segundo.-** En cumprimento da normativa vixente acordou seguir as actuacións e dar publicidade na *web* municipal do informe agregado da relación de facturas, continuando cos trámites previstos no informe de Tesourería.

**Terceiro.-** O período medio de pago a provedores do Concello de Lalín correspondente ao terceiro trimestre de 2016, calculado segundo a metodoloxía da Lei de Morosidade é de 17 días e a metodoloxía establecida no Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo, é de menos 13 días.

**Cuarto.-** O período medio de pago a provedores do Padroado Cultural de Lalín correspondente ao terceiro trimestre de 2016 calculado segundo a metodoloxía da Lei de Morosidade é de 12 días, e segundo a metodoloxía establecida no Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo, é de menos 18 días.

***O Concello Pleno quedou enterado.***

### **3.- PROPOSTA POR URXENCIA PARA O ESTABLECIMENTO DO PREZO PÚBLICO POLA PARTICIPACIÓN NA VII EDICIÓN DA CARREIRA DO COCIDO QUE SE CELEBRARÁ O DÍA 29 DE XANEIRO DE 2017.-**

A Presidencia deu conta da Proposta por urxencia do Tenente de Alcalde, D<sup>o</sup> Nicolás González Casares, de data 28 de decembro de 2016, para o establecemento do prezo público pola realización da Carreira do Cocido o día 29 de xaneiro de 2017.

O *Tenente de Alcalde, D. Nicolás González Casares*, defendeu a urxencia da proposta baseándose en motivos técnicos. Explicou que era a primeira vez que se daba o caso de ter que levar ao Pleno o establecemento deste tipo de prezo público, de tal xeito que non estaba aínda claro cal era o procedemento máis axeitado para facelo. Por iso se introduciu por urxencia a proposta, ante a proximidade do evento.

A Ordenanza Municipal reguladora do Prezo Público pola realización de actividades culturais, impartición de cursos, seminarios, viaxes e outras actividades de carácter deportivo ou socioculturais organizadas polo Concello de Lalín establecía que lle correspondía ao Pleno da Corporación establecer a contía do Prezo Público. Achegábanse as datas do Cocido, onde se ía celebrar esta Carreira e polo tanto, era necesario aprobar dito prezo público.

Era esa a única finalidade de traer a Pleno por urxencia esta cuestión.

Dende o PP, o edil ***D. Xosé Crespo Iglesias*** manifestou que os asuntos que se traten por razóns de urxencia deben incluírse antes do turno de rogos e preguntas.

O *Sr. Secretario* procedeu a explicar que o ROF establecía tal previsión, unicamente, para as sesións ordinarias.

A pesar disto, o *Sr. Alcalde-Presidente, D. Rafael Cuíña Aparicio* deu a posibilidade de tratar a proposta ao final da Orde do Día para un mellor estudo da mesma por parte dos distintos grupos políticos durante a sesión.

Tras un breve debate, o *Sr. Alcalde-Presidente, D. Rafael Cuíña Aparicio* decidiu a incorporación da proposta por urxencia neste punto e procedeuse a votar a urxencia da mesma.

Sometida a votación ordinaria a urxencia da proposta, mediante o sistema de man alzada, obtívose o seguinte resultado:

*Votos a favor:* dez (10), sendo cinco (5) de CxG-CCTT, tres (3) do PSdeG-PSOE, un (1) da APAC e un (1) do BNG.

*Votos en contra:* ningún.

*Abstencións:* once (11) sendo dez (10) do PP e un (1) do Concelleiro non adscrito.

Polo tanto, por **MAIORÍA** dos membros do Pleno da Corporación **RATIFICOUSE A URXENCIA da proposta.**

Dende o grupo popular, **D. José Antonio Varela Quintela**, preguntou se a Carreira do Cocido se organizaba polo Concello ou pola Escola de Atletismo Deza.

O *Tenente de Alcalde*, **D. Nicolás González Casares** contestoulle que se organizaba polo Concello e a Escola, porque se organizaba o evento só a Escola tiña que outorgárselle unha subvención ao efecto.

A continuación, o voceiro do PP, **D. Xosé Crespo Iglesias** preguntou se había algún informe técnico que establecese que debía aprobarse esta proposta en sesión plenaria.

De novo **D. Nicolás González Casares** respondeu que se levaba ao Pleno pola imposición da Ordenanza Municipal mencionada, que se aprobou no mes de maio de 2016 e que impuña esa obriga.

Persoalmente prefería ter feitas unhas bases para outorgar subvencións deportivas, pero non daba tempo e por iso había que aprobalo en Pleno cumprindo coa Ordenanza. Este trámite plenario imposto pola Ordenanza, tiña a vantaxe de ofrecer maior transparencia, pero a intención para outros anos era ter unha base de subvencións.

Tras un novo debate sobre a introdución da proposta por urxencia neste punto da Orde do Día e a necesidade de que se tivese que tratar no Pleno este asunto por imposición da Ordenanza, procedeuse a votar a proposta.

Sometida a votación ordinaria a proposta, mediante o sistema de man alzada, obtívose o seguinte resultado:

*Votos a favor:* once (11), sendo cinco (5) de CxG-CCTT, tres (3) do PSdeG-PSOE, un (1) da APAC, un (1) do BNG e un (1) do Concelleiro non adscrito.

*Votos en contra:* ningún.

*Abstencións:* dez (10) do PP.

Xa que logo, por **MAIORÍA** dos membros do Pleno da Corporación, **APROBOUSE a proposta por urxencia** do seguinte tenor:

A Carreira do Cocido é un dos eventos mais arraigados na tradición deportiva da nosa vila, no 2017 cumprirá a súa sétima edición. Trátase dun evento deportivo que organiza o Concello de Lalín en colaboración coa Escola de Atletismo Deza.

A Carreira do Cocido é a proba deportiva que mais participantes de todas as idades reúne no Concello de Lalín, acadando na edición de 2016 os 840 inscritos. Ano tras ano a Carreira do Cocido non deixa de gañar en participantes converténdose nun dos eventos mais esperados dentro da programación da Feira do Cocido. Habitualmente celebrábase o domingo previo ao propio día da Feira do Cocido, pero decidiuse desde a Concellería que represento poñerlle unha

data fixa no calendario, pasando a ser o último domingo de xaneiro, neste ano será o vindeiro 29 de xaneiro de 2017. Terá como ven sendo habitual un percorrido de 10 km para as categorías de adultos.

Como evento deportivo de importante magnitude cumpre diferentes obxectivos para o Concello de Lalín:

- Promove un estilo de vida saudable, pois trátase dun deporte sinxelo e barato, accesible a todas as persoas ,sexa cal sexa a idade.

- Sendo un evento de tal magnitude transcende a unha simple proba deportiva e serve para atraer visitantes da nosa vila, ademais o seu percorrido cun treito moi prolongado polo Paseo do Pontañas promociona un dos mais importantes valores da nosa vila.

A carreira do Cocido mantivo sempre un prezo popular e accesible coa singularidade engadida de ser gratuíta para as categorías infantís, promocionando en nenos e nenas o hábito da competición deportiva saudable.

Neste apartado económico compre sinalar que unha carreira deste tipo é sempre deficitaria, pois o que se pretende é cumprir unha tripla función de aposta polos valores do deporte saudable, promoción do deporte nas idades infantís e ser un atractivo turístico mais para a nosa vila dentro das actividades do Mes do Cocido.

As previsións económicas para a mesma son:

- Ingresos estimados:

- Inscricións : so pagan os adultos, o prezo proposto a aprobar sería o de 6 euros por participante, estímase unha participación de 500 adultos.  
500 x 6= 3000 euros

- Gastos estimados:

- Cronometraxe, pasarela de pago, xestión de inscricións, dorsais, megafonía, speaker, puntos quilométricos, arco de saída e chegada, vallas de protección zona meta, podio e bolsa do corredor:  
3383,16 € IVE incluído
- Ambulancia: servizo de 3 horas con ambulancia de Soporte Vital.  
450 € IVE incluído
- Trofeos: 3 por categoría, sendo de maior calidade os primeiros clasificados, un total de 48 trofeos.  
1350 € IVE incluído
- Cartelería: deseño do cartel, impresión de carteis, impresión de vinilos de arco de meta.  
550 € IVE incluído
- Animación e canguraxe para nenos e nenas (actividades para 150 cativos)  
700 € IVE incluído
- Obsequio do corredor: merchandising con motivos do Cocido (800 uds.)  
1500 € IVE incluído

**GASTOS TOTAIS ESTIMADOS: 7933 € IVE INCLUÍDO**

BALANCE ECONÓMICO ESTIMADO : INGRESOS – GASTOS  
3000- 7933 = - 4933 EUROS

En relación ao cobro dun prezo pola participación en actividades organizadas polo Concello, o Pleno da Corporación en sesión celebrada o día 26 de maio de 2016 acordou o establecemento do Prezo Público pola realización de actividades culturais, impartición de cursos, seminarios, viaxes e outras actividades de carácter deportivo ou socioculturais organizadas polo Concello de Lalín mediante a aprobación da súa ordenanza reguladora, publicada no BOP de Pontevedra o día 27 de xullo de 2016.

Segundo o disposto no Artigo 4º da citada Ordenanza “Ao abeiro do previsto no artigo 47 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, será o Pleno do Concello quen estableza a contía concreta do prezo público regulado resta ordenanza”

En virtude do exposto, **o Pleno da Corporación ACORDOU:**

**Primeiro:** Estipular un prezo público de 6 € para a VII edición da Carreira do Cocido a celebrar o vindeiro 29 de xaneiro de 2017.

**Segundo:** Estipular un prezo gratuíto para todas as categorías infantís.

**Terceiro:** Ordenar a publicación deste acordo no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de edictos do Concello e na súa páxina web, a efectos da súa publicidade.

**4.- EXPEDIENTE DE DECLARACIÓN DE ESPECIAL INTERESE E UTILIDADE MUNICIPAL DAS OBRAS DE REFORMA E AMPLIACIÓN DO IES LAXEIRO.-**

A Presidencia deu conta deste expediente e da proposta da Concelleira Delegada de Facenda de data 20 de decembro de 2016. A continuación o *Sr. Secretario* deu lectura ao ***ditame favorable da Comisión Informativa de Facenda, Patrimonio, Réxime Interior e Actividade Económica, do día 26 de decembro de 2016.***

Defendeu a proposta a *Concelleira Delegada de Facenda, Dª Teresa Varela Fisteus*, explicando que se trataba de realizar a declaración de especial interese e utilidade municipal das obras de reforma e ampliación do IES Laxeiro coa finalidade de que se lle puidese aplicar a bonificación do 95% da cota do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras.

En canto á tardanza á hora de realizar a proposta, explicou que o Expediente se tramitou no Departamento de Urbanismo nun momento en que non había aínda un arquitecto contratado. Cando se contratou o arquitecto municipal, ao realizar o estudo do tema, déuselle traslado á Xunta de Galicia, sendo esta Administración a que estivo dous meses para remitir de novo o Expediente ao Concello.

Dende o PP, o voceiro **D. Xosé Crespo Iglesias** dixo estar de acordo coa bonificación do

ICIO, por considerar que iso era o normal cando outra Administración Pública realizaba obras nun Concello.

De feito, dende o seu partido, cando outra Administración decidía facer unha obra no Concello de Lalín, pactábase previamente. Por iso criticou o procedemento que seguiu o goberno neste caso. Consideraba que así só se atascaban os expedientes e reprochou a tardanza que se produciu, como xa o fixera noutros Plenos.

Manifestou que votarían a favor pero considerou que faltou vontade política.

O *Concelleiro Delegado de Urbanismo, D. Nicolás González Casares* explicou que cando se solicitaba unha licenza, había un tempo de tramitación que, ademais, neste caso se demorou pola necesidade de sacar unha praza de arquitecto. A falta de Recursos Humanos provocou a tardanza, así como o tempo empregado por parte da Xunta de Galicia para a tramitación e a solicitude da bonificación do ICIO.

De novo entrevistou *D. Xosé Crespo Iglesias* dicindo que a falta de persoal municipal para tramitar o expediente, non era a que alegou o Concelleiro delegado. Había un aparelador que puido tramitar o expediente sen necesidade de esperar a que se incorporase un arquitecto municipal.

Insistiu na necesidade de priorizar expedientes doutras Administracións Públicas.

*D. Nicolás González Casares* considerou que dende a Consellería da Xunta de Galicia non era tal a presión que dicía o voceiro popular. Dende o Centro do IES Laxeiro non había presión ningunha e así lle constaba.

Sometida a votación ordinaria a proposta, mediante o sistema de man alzada, obtívose o seguinte resultado:

*Votos a favor:* vinte e un (21), sendo cinco (5) de CxG-CCTT, tres (3) do PSdeG-PSOE, un (1) da APAC, un (1) do BNG, dez (10) do PP e un (1) do Concelleiro non adscrito.

*Votos en contra:* ningún.

*Abstencións:* ningunha.

Xa que logo, por **UNANIMIDADE** dos membros do Pleno da Corporación, **APROBOUSE a proposta** do seguinte tenor:

Con data 15 de xullo de 2016 (Registro de entrada nº 6130), D. Jesús Oitavén Barcala, como Secretario Xeral Técnico da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia solicita licenza de obras de reforma e ampliación do IES Laxeiro, para o cal achega o correspondente proxecto básico e de execución.

No mesmo escrito, o interesado solicita que se bonifique o Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras e a taxa por licenza urbanística de acordo coa normativa do Concello.

En virtude da solicitude formulada, con data do 7 de decembro de 2016, a Xunta de Goberno local acordou conceder licenza de obra á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para reforma e ampliación do IES Laxeiro no Concello de Lalín,

(Exp.8520/16), con base na documentación de obra no expediente e no informe favorable emitido, para o efecto, polo Arquitecto municipal de data 2/12/2016.

Así mesmo, no expediente consta informe da Técnica de Xestión Tributaria sobre a procedencia da declaración, por parte do Pleno da Corporación, de especial interese e utilidade municipal das obras en cuestión.

Á vista da citada solicitude e dos informes emitidos que obran no expediente, o **Pleno da Corporación ACORDOU:**

**Primeiro:** Declarar de especial interese e utilidade municipal as Obras de Reforma e ampliación do IES Laxeiro no Concello de Lalín (Exp.8520/16) por concorrer circunstancias sociais e culturais que xustifican tal declaración.

**Segundo:** Como consecuencia do anterior, conceder unha bonificación do 95% da cota do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras a favor da obra descrita para a cal foi concedida licenza á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria por acordo da Xunta de Goberno local en sesión do 7 de decembro de 2016.

#### **5.- MOCIÓN DO GRUPO DE GOBERNO PARA SOLICITARLLE AO GOBERNO DO ESTADO QUE PERMITA ÁS ENTIDADES LOCAIS A REINVESTIR O SEU SUPERÁVIT EN 2017.-**

A Presidencia deu conta da presente moción, de data 15 de decembro de 2016, presentada no rexistro de entrada municipal o día 21 de decembro de 2016 co número 10194. A continuación o *Sr. Secretario* deu lectura ao ***dítame favorable da Comisión Informativa de Facenda, Patrimonio, Réxime Interior e Actividade Económica, do día 26 de decembro de 2016.***

Dende o Grupo de Goberno, propoñente da moción, ***D. Nicolás González Casares***, defendeu que os Concellos, no total do cómputo da Administración Estatal, eran Administracións xeradoras de Superávit, fronte ao resto de Administracións estatais, que xeraban déficit.

A Autonomía Local estaba seriamente ameazada nas súas competencias ao recaer o peso da devolución da débeda estatal nos entes locais.

Non podía permitirse que o superávit se empregase para amortizar a débeda estatal e non se investise nos veciños e nas súas necesidades, en cuestións esenciais para os Concellos.

A inversión financeiramente sostible era posible pero pedíase máis na moción.

Neste punto, fixo referencia ao contido da mesma.

Na súa quenda de palabra, o *Concelleiro non adscrito*, ***D. Juan José Cruz García*** manifestou estar de acordo co contido da moción.

Dende o Partido Popular, o edil ***D. José Antonio Rodríguez Fernández*** expresou tamén a súa conformidade co contido da moción pola necesidade de flexibilizar as medidas económicas actuais. Explicou que o equilibrio orzamentario era obrigatorio po lei.

Manifestou que o sentido do voto do grupo popular era favorable ao solicitado.

Pechou o debate, o *Sr. Alcalde- Presidente, D. Rafael Cuiña Aparicio* dicindo que o acordo entre os distintos grupos municipais era patente neste tema. Ante a boa situación a nivel económico no Concello de Lalín, era necesario levar a cabo medidas coma esta moción.

Sometida a votación ordinaria a moción, mediante o sistema de man alzada, obtívose o seguinte resultado:

*Votos a favor:* vinte e un (21), sendo cinco (5) de CxG-CCTT, tres (3) do PSdeG-PSOE, un (1) da APAC, un (1) do BNG, dez (10) do PP e un (1) do Concelleiro non adscrito.

*Votos en contra:* ningún.

*Abstencións:* ningunha.

Xa que logo, por **UNANIMIDADE** dos membros do Pleno da Corporación, **APROBOUSE a moción** co seguinte contido:

A Lei Orgánica de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira (LOEPSF) recolle as tres regras fiscais de obrigado cumprimento: estabilidade orzamentaria, débeda pública e regra de gasto.

O artigo 11.4 da LOEPSF sinala que “as Corporacións Locais deberán manter unha posición de equilibrio ou superávit orzamentario”, mentres que o art. 32, referido ao destino do superávit, sinala que “este destinarase a reducir o nivel de endebedamento”.

A lei 9/2013 de débeda comercial, modificou a lei para permitir aos Concellos que cumprisen unha serie de requisitos, destinar o superávit a investimentos financeiramente sustentables, unha definición de investimentos que recolleu o Decreto/Lei 2/2014, de 21 de Febreiro no seu DÁ 16. Estas excepcións en ningún caso deron satisfacción ás demandas municipais posto que as condicións para poder acollerse á medida eran importantes: rexistrar superávit orzamentario e remanente de tesouraría, que pagasen antes as débedas pendentes con provedores para cumprir coa lei de morosidade e destinar o sobranse a amortizar débeda.

Ao longo destes anos esta situación trouxo consigo un paradoxo: os concellos son a única administración en superávit, están saneados e cumpren o seu obxectivos pero non poden investir ese aforro.

Nestes momentos a administración local convertéronse na administración máis cumpridora cos obxectivos marcados: a débeda local xa chegou este ano aos obxectivos do 3% fixados para 2020, con catro anos de adianto; o superávit das Entidades Locais, achega ao cómputo total de España medio punto do PIB e tamén cumpre co teito de gasto e paga en prazo aos seus provedores.

Por iso, é ineludible que o Goberno atenda as demandas do conxunto dos concellos, e tal e como expuxo a FEMP na reunión da Comisión Nacional de Administración Local (CNAL) do pasado día 30, permítalles utilizar o superávit, que este ano rolda os 4.500 millóns de euros.

Chegou a hora de que o Goberno escoite, e sexa sensible ás reivindicacións dos

Concellos, cuxas demandas son xustas, razoables e necesarias para seguir pondo os intereses dos veciños por diante de calquera outro, e continuar levando a cabo investimentos, desenvolvemento e o fortalecemento do Estado de Benestar

Os gobernos locais son a administración máis próxima aos cidadáns, e máis nestes momentos de crises, o Goberno non debe pór trabas ao seu labor na prestación de servizos públicos de calidade.

Por todo iso, o **Pleno da Corporación ACORDOU:**

**Primeiro:** Instar ao Goberno do Estado a permitir que as Entidades Locais reinvestan o seu superávit en 2017, sen que o importe destinado a inversión financeiramente sostible afecte a estabilidade orzamentaria, isto é, que se prevea como un axuste a realizar a través dunha autorización legal para esa reinversión que xurda da prórroga orzamentaria dos PGE.

**Segundo:** Que se revisen as inversións que se consideran inversión financeiramente sostible.

#### **6.- MOCIÓN DO GRUPO DE GOBERNO PARA SOLICITARLLE Á CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA O CAMBIO DO SISTEMA DE CALEFACCIÓN DO COLEXIO DE PRADO.**

A Presidencia deu conta da presente moción de data 21 de decembro de 2016, presentada no rexistro de entrada municipal o mesmo día co número 10193. A continuación o *Sr. Secretario* deu lectura ao ***ditame favorable da Comisión Informativa de Saúde Pública, Benestar Social, Actividade Cidadá, Cultura e Educación, do día 26 de decembro de 2016.***

Defendeu a moción, a *Concelleira delegada de Educación, D<sup>a</sup>. Lara Rodríguez Peña*, facendo referencia á parte dispositiva da mesma que respondía ás solicitudes da comunidade educativa do colexio.

Por unha banda, o sistema de calefacción do Colexio era obsoleto e contaba con máis de corenta anos. Dado que a competencia ao respecto era da Xunta de Galicia, traíase ao Pleno esta moción para solicitar o cambio e modernización do sistema de calefacción e radiadores do Centro.

Por outra banda, a comunidade educativa tamén reclamou que as ventás do Colexio estaban en mal estado e tamén se pedía o arranxo das fiestras na moción traída ao Pleno.

O *Concelleiro non adscrito, D. Juan José Cruz García* manifestou que estaba de acordo co contido da moción novamente.

Por parte do Partido Popular, *D<sup>a</sup> María José Senande Méijome* dixo que dende o seu grupo tamén estaban de acordo co contido da moción e as demandas que se solicitaban á Xunta de Galicia para o Colexio de Prado.

Recriminoulle ao Grupo de Goberno que presentase esta moción posto que, no fondo respondía a múltiples e reiteradas peticións por parte da AMPA e da comunidade educativa do Colexio.

A Consellería da Xunta de Galicia comunicoulle ao seu grupo que se estudaría a viabilidade destas reformas para acometelas para o ano 2017.

Explicou que nos últimos anos, acometéronse múltiples reformas no Colexio de Prado por un importe aproximado de 38.900 euros. Destacou que tan só no ano 2016 investíronse 6.000 euros para arranxos en ventás, a pesar de seguir necesitado melloras.

Deste xeito, resumiu que as melloras realizadas neste Colexio alcanzaban un importe total duns 73.000 euros, pero seguía sendo necesario levar a cabo arranxos e por iso, o seu grupo votaría a favor da moción.

O *Sr. Alcalde- Presidente, D. Rafael Cuiña Aparicio*, considerou que a intervención da Concelleira popular foi unha defensa da Xunta de Galicia.

As queixas da AMPA de Prado, ás que se referiu a edil, foron relativas porque xa se estaban a realizar obras no momento en que se presentaron as queixas e non se sabía por parte dos membros do colectivo escolar.

Non se podía permitir que o Colexio de Prado tivese unhas instalacións tan obsoletas, sobre todo polos prexuízos para os estudantes que alí cursaban os seus estudos.

Sometida a votación ordinaria a moción, mediante o sistema de man alzada, obtívose o seguinte resultado:

*Votos a favor:* vinte e un (21), sendo cinco (5) de CxG-CCTT, tres (3) do PSdeG-PSOE, un (1) da APAC, un (1) do BNG, dez (10) do PP e un (1) do Concelleiro non adscrito.

*Votos en contra:* ningún.

*Abstencións:* ningunha.

Deste xeito, por **UNANIMIDADE** dos membros do Pleno da Corporación, **APROBOUSE a moción** do seguinte tenor:

Os colexios públicos emprazados en zonas rurais constitúen un instrumento fundamental para garantir o dereito a unha educación universal, pública, gratuíta e de calidade, ademais de servir para fixar poboación e avanzar na dinamización social dos lugares nos que se ubican. A súa importancia é moito maior en municipios eminentemente rurais, como o de Lalín. Neste contexto, as administracións públicas teñen o deber de adoptar as medidas necesarias para garantir o seu funcionamento, tanto no referente á dotación de recursos humanos como materiais.

O CEIP “Xoaquín Loriga”, de Prado, púxose en funcionamento a principios dos anos 70, o que provoca que algunhas instalacións, malia o mantemento realizado ao longo do tempo, se atopen obsoletas. É o caso do sistema de calefacción e radiadores, que leva catro décadas sen cambiarse, e que rexistra numerosas eivas e fallos constantes, coas conseguíntes incomodidades para o alumnado e profesorado do centro. A maiores, hai unhas 80 fiestras que tamén deberían ser substituídas para evitar as fugas de calor e a falta de eficiencia enerxética.

Son demandas que leva expresando dende hai meses a comunidade educativa deste colexio e que lle corresponde asumir á Xunta de Galicia.

Polo que, o **Pleno da Corporación ACORDOU:**

**Primeiro.-** Solicitarlle á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia que atenda as demandas da comunidade educativa do CEIP “Xaquín Loriga”, de Prado, e leve a cabo o cambio e modernización do sistema de calefacción e radiadores dese centro educativo.

**Segundo.-** Solicitarlle á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia que atenda as demandas da comunidade educativa do CEIP “Xaquín Loriga”, de Prado, e leve a cabo a substitución e mellora de todas as fiestras que aínda non se cambiaron nese centro educativo.

## **7.- MOCIÓN DO PP PARA QUE A DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA INCREMENTE OS SEUS INVESTIMENTOS EN LALÍN.-**

A Presidencia deu conta da presente moción, de data 17 de decembro de 2016, presentada no rexistro de entrada municipal o día 22 de decembro de 2016 co número 10216. A continuación o *Sr. Secretario* deu lectura ao ***dítame favorable da Comisión Informativa de Facenda, Patrimonio, Réxime Interior e Actividade Económica, do día 26 de decembro de 2016.***

Na defensa da moción, o voceiro do grupo popular, **D. Xosé Crespo Iglesias** dixo que no relativo ás competencias locais, un motivo de discusión eran sempre os investimentos que debían realizar tanto o goberno da Comunidade Autónoma como a Deputación. Significou a diferenza entre as inversións que debía realizar unha ou outra Administración nos entes locais.

Explicou que a Deputación era “*un Concello de Concellos*” que recibía fondos do Estado, os cales debía investir nos Concellos, sobre todo nos pequenos e medianos. Esa era a obriga das Deputacións por establecemento legal.

Fixo referencia á historia da creación do Estado das Autonomías e as eivas que se produciron nese momento inicial, que se arrastraron ata hoxe e que acabaron pagando os Concellos. As Deputacións debían facer de intermediarios entre os Concellos e a Administración do Estado, sobre todo no caso dos Concellos pequenos, posto que os grandes Concellos tiñan máis facilidade para interactuar directamente co Ministerio.

Non obstante, na actualidade non era así e o papel das Deputacións estaba distorsionado.

Por iso, considerou necesario clarear cales eran as competencias reais das Deputacións, xa que tiñan competencia para todo e podían adicar os seus investimentos a todo o que considerasen oportuno.

Nos últimos anos, as Deputacións estaban a empregar Plans (na actualidade Plan Concellos, e en outras ocasións Plans de Obras e Servizos) que, mediante unha serie de criterios, fixaban como estes entes invertían os cartos nos Concellos. Pero seguía habendo unha parte do orzamento moi importante de libre disposición.

Criticou as subvencións outorgadas mediante o Plan Concellos posto que non eran subvencións como tal, era o que lle tocaba a cada Concello segundo a Lei. Subvención sería o que se lle outorgaba aos Concellos de fondos propios da Deputación, que esta ía investir noutras cuestións. O que outorgaba a Deputación aos Concellos mediante os ditos Plans, xa era dos Concellos ao corresponderlle por lei.

Por iso pedían na moción que a Deputación de Pontevedra investise en Lalín máis que o concedido a través do Plan Concellos, e como mínimo igual á cantidade contemplada pola Xunta

de Galicia para o ano 2017.

Pedían tamén que os investimentos que se ían realizar nos Concellos de Vigo e Pontevedra, se realizasen de xeito proporcional tamén en Lalín.

Na súa quenda de palabra, o *Concelleiro non adscrito*, **D. Juan José Cruz García** dixo que o que se estaba a ver no Pleno era unha confrontación entre PP e o Goberno, con mocións que pouco podían solucionarlle aos veciños de Lalín.

O *Sr. Alcalde*, **D. Rafael Cuíña Aparicio** interviu para dicir que non era tal a confrontación e que así o reflectían as votacións por consenso e unanimidade.

O *Concelleiro non adscrito*, **D. Juan José Cruz García** pediu que constase en acta que o Sr. Alcalde-Presidente interrompeu a súa quenda de palabra tan só comezar a falar.

Dixo que as malas relacións que se estaban a instaurar no Concello de Lalín eran ficticias. "*Crespo contra Cuíña e ao revés*". Considerou que eran enfrontamentos ficticios e para el o pobo debía valorar se este xogo era verdade ou non.

Pediulle aos membros da oposición que demostrasen que eran capaces de traer investimentos a Lalín e que o escoitasen máis.

Adiantou que ía presentar unha moción e tamén rogos e preguntas.

Rematou cunha crítica ás mocións que se estaban traendo ao Pleno e que non axudaban aos veciños.

Dende o Grupo de Goberno, o edil **D. Francisco Xavier Vilarinho Taboada** manifestou que a moción lle parecía un exercicio de hipocrisía e de irresponsabilidade. Esta era unha moción exclusivamente política para intentar desgastar a un goberno contrario ao Partido Popular.

Criticou que a parte dispositiva da moción non era correcta.

Deste xeito, no punto primeiro da parte dispositiva, non debía acordarse que a Deputación investise en Lalín, dado que o Pleno do Concello non podía acordar os investimentos da Deputación. O que debía acordarse era que se instase á Deputación a que investise en Lalín.

O segundo punto da parte dispositiva tamén o considerou contradictorio. Non era función do Alcalde do Concello de Lalín dirixirse á Deputación para recriminar nada. A súa función era defender os intereses dos veciños de Lalín.

Pediu que se introduxese unha emenda de xeito que quedase redactado do seguinte xeito: "*Instar á Deputación e á Xunta de Galicia a revisar as súas previsións nos orzamentos para Lalín e adaptalos ás demandas que o noso Concello ten*".

Non defendía os orzamentos da Deputación pero o goberno levou a cabo a súa xestión política. Como mínimo xa estaba garantido que non ían baixar a capacidade de inversión para o ano que viña.

Fixo referencia aos orzamentos da Xunta de Galicia dende o ano 2007 e non se correspondían cos datos dados na moción polo PP, que aportaban partidas repetitivas e en ocasións xenéricas.

Os orzamentos da Xunta de Galicia para Lalín descendieron ata case o 70%, e non facían referencia aos mesmos na moción, mentres que si o facían no caso da minoración do 10% dos investimentos nos orzamentos da Deputación de Pontevedra.

Destacou a supresión das plusvalías pola moción do PP que fixo perder 400.000 euros de recadación ao Concello de Lalín. No grupo do PP eran polo tanto os primeiros en baixar a recadación dos orzamentos para os veciños.

Insistiu na introdución da emenda e pediu unión ante o feito de que había que mirar os criterios políticos que estaban a empregarse para castigar orzamentariamente ao Concello de Lalín.

Por alusións ao tema das plusvalías, o *Sr. Alcalde, D. Rafael Cuíña Aparicio* pediulle á Sra. Interventora que lle explicase ao Concelleiro non adscrito o tema da recadación que excedía ao previsto en relación a este imposto, ante un comentario que viu na prensa deste Concelleiro e para demostrar que dito Concelleiro estaba equivocado nas súas declaracións.

A *Sra. Interventora* explicou que na prensa saíu a noticia de que o Concello de Lalín recadou 400.000 euros co imposto das plusvalías. Había unha previsión de ingresos de 200.000 euros. A contía recadada a maiores, como non estaba prevista no orzamento, en ningún caso se podía facer ese tipo de gastos.

En función do artigo 12.5 da Lei orgánica de estabilidade orzamentaria, cando se superaban os ingresos en relación coas previsións, esa cantidade a maiores, debía destinarse a amortización da débeda. Sen embargo, non era cuantificado con respecto a un imposto en concreto, senón que era cuantificado en relación a todos os ingresos do Capítulo I ao VII.

O *Sr. Alcalde, D. Rafael Cuíña Aparicio* aclarou que esta explicación da Sra. Interventora se debía as declaracións sobre a ineptitude do goberno lalinense para investir esa recadación non prevista. E preguntoulle á Sra. Interventora se era posible gastalos ou non para que quedase claro e o Concelleiro non adscrito o soubese.

A *Sra. Interventora* dixo de novo que non, dado que non estaban previstos no orzamento inicial.

Nunha segunda quenda de palabra, o edil popular **D. Xosé Crespo Iglesias** considerou que o Pleno estaba sendo “*esperpéntico*”.

Dixo que xa todos coñecían o que opinaba das Deputacións, a pesar de ser Vicepresidente dunha durante 20 anos. Estaba a favor da fusión dos Concellos para ter autonomía e que non existisen as Deputacións porque eran un anacronismo histórico que non se eliminou cando se creou o Estado das Autonomías.

Co Estado das Autonomías xa non eran necesarias as Deputacións, o que favorecería que os Concellos tivesen máis capacidade económica. As Deputacións eran Administración Local e a súa supresión permitiría prorratar os seus fondos entre os distintos Concellos.

Aproveitou a ocasión para dicir que con calquera dos vinte e un concelleiros podían falar con liberdade.

O *Sr. Alcalde, D. Rafael Cuíña Aparicio* dixo que o goberno nin pactaba nin falaba con xente que lle faltaba ao respecto aos veciños de Lalín.

O voceiro popular, **D. Xosé Crespo Iglesias** continuou dicindo que dende o seu grupo ían falar co Concelleiro non adscrito, ao que se estaban a referir nesta conversa, pero tamén con todos os demais que quixesen falar con eles. Así poderían sacar mocións adiante, negociando e pactando.

En canto á emenda proposta polo Grupo de Goberno pediu que fixesen mellor unha moción para outro Pleno co contido da emenda.

O que se pedía na moción relativo ao Convenio entre a Deputación de Pontevedra e o

Concello de Vigo e o de Pontevedra era unha crítica ao que se estaba dicindo por parte destes entes, que xustificaban dito convenio en base ao pago dunha débeda histórica. Iso era mentira e a débeda histórica non era tal, e ademais non saían prexudicados no reparto como dicían nos Concellos de Vigo e Pontevedra.

Dixo que no seu momento, se produciron diverxencias importantes na Deputación que acabaron gañando os ruralistas coma el. Defendeu durante anos que non era o mesmo darlle servizos a 20.000 habitantes coa superficie coa que contaba Lalín, que por exemplo en Cangas, que cunha poboación 20.000 habitantes, contaba con menos superficie. Por este motivo, no reparto orzamentario introduciuse o criterio da superficie e por iso Lalín sempre levaba máis que os outros Concellos nos Plans Provinciais.

Para votar unha moción semellante sobre a Xunta de Galicia non ían aceptar a emenda, terían que levar unha moción ao Pleno e intentar chegar a un acordo.

Proporcionou datos sobre o Plan Concellos da Deputación de Pontevedra e criticou que non se revelasen os Concellos ante o feito de que os municipios de máis de 20.000 habitantes recibisen menos.

A continuación deu cifras da Xunta de Galicia e os seus investimentos en Lalín para comparar coa Deputación.

O Sr. Alcalde, **D. Rafael Cuiña Aparicio** recriminoulle que eses investimentos aos que fixo referencia, se correspondían con competencias propias da Xunta de Galicia. Pediu que defendese os intereses de Lalín.

O voceiro popular **D. Xosé Crespo Iglesias** dixo que defendía os intereses de Lalín pero tamén do seu partido. Continuou dando cifras sobre investimentos da Xunta de Galicia que considerou proporcionalmente e infinitamente maiores que os da Deputación de Pontevedra.

Dixo que o Concelleiro Delegado D. Francisco Xavier Vilariño Taboada non computou as inversións da Xunta de Galicia na súa totalidade, porque non tivo en conta aquelas que se levaron a cabo fóra dos orzamentos, como a través dun convenio ou doutro tipo de pacto e xestión.

Tomou a palabra o Concelleiro non adscrito, **D. Juan José Cruz García**, recriminando que dende o goberno sempre o intentaban enfrontar co PP.

Dixo que coa referencia no Pleno ao comentario sobre as plusvalías que se publicou na prensa, o propio Sr. Alcalde puxo en entredito aos medios. Considerou necesario que se procedese a revisar as asignacións que se facían a ditos medios de comunicación.

Manifestou que o sentido do seu voto ía ser en contra da moción, se ben dixo estar aberto a todo tipo de negociación con calquera membro da Corporación. E se o goberno presentase unha moción para pedir investimentos á Xunta de Galicia, tamén ía votar en contra. Eran mocións que non servían para nada baixo o seu punto de vista.

O Tenente de Alcalde, **D. Nicolás González Casares**, dixo que dende o goberno non pactarían co Concelleiro non adscrito porque se adicaba a insultar aos cidadáns, non aos políticos. Eticamente, a postura do goberno era esa, non pactar con dito Concelleiro que cualificou a veciños de terroristas e aos periodistas de que non sabían ler. Xente que desprezaba e atacaba aos veciños non merecían negociacións.

En canto á moción, dixo que “*a memoria do Señor Crespo era feble*” porque cando o Sr. Louzán estaba na Deputación, só tiña un 20% de libre disposición do que adicaba aos Concellos, e eran para Concellos afíns ao PP.

Si estaba de acordo en que non era xusto que os Concellos de máis de 20.000 habitantes recibiran menos. Neste senso dende o goberno ían loitar para que o Concello de Lalín recibise máis.

Criticou tamén que o voceiro popular citase as obrigas da Xunta de Galicia como se fosen investimentos.

Pediu que aceptasen a emenda para non facer outra moción e debater sempre o mesmo.

Votarían a favor se aceptaban a emenda, senón votarían en contra.

**D. Xosé Crespo Iglesias** recriminou que se dixese que os Plans da Deputación na época do *Sr. Louzán* eran para Concellos gobernados polo PP ou, que non estando gobernados polo PP, ía prosperar unha moción de censura.

Era totalmente falso e de feito no último mandato do *Sr. Louzán*, os Concellos que recibiron máis investimentos da Deputación proporcionalmente á poboación que sostían, foron a Illa de Arousa e Catoira, onde non había posibilidade de moción de censura nin goberno do PP.

O seu grupo non aceptou a emenda proposta polo Grupo de Goberno.

Propuxo outra emenda ante a previsión de voto en contra do Concelleiro non adscrito e de que o goberno votaría a favor se cambiaban o acordo.

A emenda proposta era a seguinte: *“Instar á Deputación de Pontevedra a que no ano 2017 invista en Lalín (sen contar os gastos de persoal nin de funcionamento, pero tendo en conta que sexan investimentos en Lalín) tanto como vai investir a Xunta de Galicia en Lalín”*.

O Tenente de Alcalde, **D. Nicolás González Casares** manifestou que o Grupo de Goberno non aceptaba a emenda porque, de pactar a mesma, prexudicarían todo o orzamento da Deputación.

Ante tales diverxencias, o *Sr. Alcalde- Presidente*, **D. Rafael Cuiña Aparicio** propuxo retirar a moción e levar a cabo pactos ao respecto deste tema para traela de novo ao Pleno.

Dende o PP, **D. Xosé Crespo Iglesias** dixo que non aceptaban retirar a moción, que ían seguir adiante coa mesma. Pediu que o goberno trouxese a súa propia moción ao Pleno para pactar.

Ante a falta de acordo no tocante ás emendas e aos acordos propostos na moción, o *Sr. Alcalde- Presidente*, **D. Rafael Cuiña Aparicio** pechou o debate. Dixo que xa falara coa Presidenta da Deputación, quen lle asegurou que o nivel de investimento en Lalín ía ser superior para o ano 2017. Garantiu que se a Deputación de Pontevedra non estivese á altura das responsabilidades con Lalín, ía ser o primeiro en manifestalo e tomar medidas.

Ademais dixo estar de acordo coas opinións do voceiro popular sobre as Deputacións.

Con respecto ao Concelleiro non adscrito, D. Juan José Cruz García, quixo dicirlle que en Lalín moita xente falaba del, descualificándoo, e non compartía tales descualificacións. Se ben si considerou que facía pouco favor aos veciños de Lalín.

Criticou ao PP por apoiar ao Concelleiro non adscrito que tiña problemas cos veciños, excedendo o ámbito dos problemas entre os políticos. Baixo ningún concepto podían darse problemas entre políticos e veciños de xeito reiterado.

Ofreceuse a absterse nas votacións das mocións do PP mantendo así a proporcionalidade do Pleno para que estas prosperasen, e sempre e cando, este grupo non pactase máis co Concelleiro non adscrito. De pactar con el, eran colaboradores necesarios del.

Ademais había límites en política e non se podía permitir insultos aos veciños e problemas con eles de xeito reiterado.

*Na parte dispositiva da moción pedíase:*

*1.-Que o organismo provincial invista en Lalín, a maiores do destinado no Plan Concellos que xa lle corresponde polo feito de estar encadrado na provincia, unha cantidade igual ou superior á contemplada pola Xunta de Galicia nas partidas nominais recollidas nos orzamentos do ano 2017 e que ascende a 1,7 millóns de euros.*

*2.-Que o alcalde de Lalín, Rafael Cuiña, dirixa a Deputación e a presidenta provincial, Carmela Silva, para recriminar os fortes investimentos realizados vía convenio en Vigo e Pontevedra, e que o rexedor argumentou, no seu día, non estar de acordo con eles e non ser a función específica para a que foron creadas as Deputacións.*

Sometida a votación ordinaria a moción, mediante o sistema de man alzada, tivo lugar o seguinte resultado:

*Votos a favor:* dez (10) do PP.

*Votos en contra:* once (11), sendo cinco (5) de CxG-CCTT, tres (3) do PSdeG-PSOE, un (1) da APAC, un (1) do BNG e un (1) do Concelleiro non adscrito.

*Abstencións:* ningunha.

Xa que logo, por **MAIORÍA** dos asistentes, **REXEITOUSE** a moción.

#### **8.- MOCIÓN DO PP PARA A RENOVACIÓN DA SUPERFICIE DE XOGO DA PISTA 2, A SEPARACIÓN FÍSICA DAS DÚAS PISTAS E O PINTADO DE CANCHAS MINIDEPORTE NA PISTA QUE SE RENOVE DO PAVILLÓN MUNICIPAL.-**

A Presidencia deu conta da presente moción, de data 14 de decembro de 2016, presentada no rexistro de entrada municipal o día 19 de decembro de 2016 co número 10108. A continuación o Sr. Secretario deu lectura ao ***ditame favorable da Comisión Informativa de Acondicionamento, Obras e Planificación Territorial, Tráfico e Seguridade do día 26 de decembro de 2016.***

Dende o PP, o edil **D. José Antonio Varela Quintela** comentou que si era certo que tivo conversas co Concelleiro non adscrito, segundo este dixera anteriormente no Pleno.

Defendendo a moción, fixo referencia ao contido da mesma e á parte dispositiva.

A pesar de existir o Lalín-Arena consideraba necesario manter en bo estado o Pavillón Municipal.

Dende o Grupo de Goberno, **D. Miguel Ángel Medela Dobarro**, Concelleiro Delegado de Actividades e Instalacións Deportivas e Relacións con Clubs Deportivos, manifestou o acordo do goberno co solicitado na moción polo PP. De feito, dende o goberno lalinense xa se estaba en proxección de facer o que se solicitaba na moción.

**D. José Antonio Varela Quintela** recriminoulle ao Concelleiro Delegado as súas declaracións en prensa sobre o tema, nas que dicía que o Pavillón Municipal levaba anos en estado de abandono. De feito, o Concelleiro Delegado levaba xa un ano e medio no goberno e nese tempo apenas fora polas instalacións e non coñecía as incidencias que se deron nas mesmas.

Preguntoulle se sabía como estaba o tema do persoal no Pavillón Municipal que contou cunha persoa en quenda de mañá e outra en quenda de tarde.

Resaltou que as dúas porterías destas canchas estaban en moi mal estado.

A limpeza das instalacións tamén se levou a cabo tarde, mal e arrastro.

Recoñeceu que o Tenente de Alcalde, D. Nicolás González Casares si contestaba ao teléfono e solucionaba os problemas, pero non así D. Miguel Medela.

A pesar de que podía ter falado estas cuestións na prensa, non o fixo. Por iso non vía ben que dende o goberno quixesen sacarlle importancia á moción presentada polo seu grupo.

Interviu **D. Miguel Ángel Medela Dobarro**, para dicir que o seu grupo levaba no goberno menos de dous anos e xa estaban as instalacións no estado actual. Preguntoulle ao Concelleiro do grupo popular porque non fixera nada ao respecto deste abandono das instalacións mentres estiveron no goberno os membros do PP.

Respondeu o edil popular, **D. José Antonio Varela Quintela** que xa o tivera na mente.

Querían solicitarlle ao Servizo de Intervención un informe sobre os ingresos por alugueres das instalacións deportivas e tamén ían pedir saber como estaba o tema do persoal.

Preocupáballe, sobre todo, que se puidese producir un accidente do que se lamentasen todos.

**D. Miguel Ángel Medela Dobarro** insistiu que o Concelleiro popular non fixo nada mentres gobernaron e agora, en ano e medio, pretendían que o tivesen feito eles.

Neste punto, o Sr. Alcalde- Presidente, **D. Rafael Cuiña Aparicio** explicou cal foi a xestión do goberno en materia de deportes. Sobre todo destacou que se outorgaron máis subvencións deportivas e que se levaron a cabo moitos arranxos. A pesar destas melloras, recoñeceu que había eivas por corrixir.

Considerou que dende o PP tiveron coñecemento dos arranxos que ían levar a cabo no Pavillón dende o goberno e por iso presentaron a moción.

O compromiso do goberno co deporte era total e así o estaban a demostrar. O deporte era unha cuestión na que era necesaria a colaboración entre os distintos grupos. Interpretou a moción do PP como un intento de mellora da situación e parecíalle un xogo político correcto e lexítimo.

**D. José Antonio Varela Quintela** dixo que defendía as instalacións deportivas concentradas e controladas, posto que ao non ser así, non perduraron no tempo.

Pechou o debate o Sr. Alcalde- Presidente, **D. Rafael Cuiña Aparicio** para resumir que o importante era que había que colaborar e mellorar as instalacións en materia de deporte.

Sometida a votación ordinaria a moción, mediante o sistema de man alzada, obtívose o seguinte resultado:

*Votos a favor:* vinte e un (21), sendo cinco (5) de CxG-CCTT, tres (3) do PSdeG-PSOE, un (1) da APAC, un (1) do BNG, dez (10) do PP e un (1) do Concelleiro non adscrito.

*Votos en contra:* ningún.

*Abstencións:* ningunha.

Deste xeito, por **UNANIMIDADE** dos membros do Pleno da Corporación, **APROBOUSE a moción** co seguinte contido:

Lalín conta na actualidade con dous complexos deportivos cubertos, o Lalín Arena e o Pavillón Municipal, aos que se suman varios pavillóns deportivos individuais que acollen a un bo número de clubs, a centos de deportistas reunidos en equipos de diversas disciplinas e especialidades, a deportistas a título individual e practicantes eventuais de especialidades deportivas.

Ca posta en marcha do Lalín Arena, o reparto de espazos, clubs e deportistas no pavillón municipal sufriu un importante cambio, pasando a acoller, principalmente, equipos de afeccionados ou de categorías base que adestran e xogan de xeito prioritario na pista de goma.

A utilización da segunda das pistas, que co paso dos anos foise deteriorando, quedou para o adestramento das categorías base que. na maior parte das ocasións, a utilizan repartindo a pista en dúas partes separadas por unha cortina para así permitir a utilización simultánea por parte de dous equipos.

Pese a ese reparto, as necesidades de espazo nas instalacións municipais, por conta do gran número de deportistas, seguen a ser moitas en horas como as tardes nas que adestran varios equipos, polo que sería aconsellable o reacondicionamento da superficie de xogo da pista de cemento do Pavillón Municipal e a redistribución do espazo da mesma conforme ás necesidades dos deportistas e a criterios relacionados coa eficiencia das instalacións.

Atendendo ás anteriores consideracións, **o Pleno da Corporación ACORDOU:**

**Primeiro.-** Dotar á pista de cemento do pavillón municipal dunha nova superficie de xogo máis moderna e acaida á práctica deportiva que a actual.

**Segundo.-** Proceder á separación das pistas de goma e de cemento cun cerramento definitivo que substitúa ao provisional ca que conta na actualidade.

**Terceiro.-** Delimitar, unha vez substituída a superficie de xogo da pista de cemento, tres pistas de minideporte ao ancho do pavillón 2 con porterías e canastras de baloncesto ancoradas e fixas que permitirían unha maior optimización da superficie do pavillón municipal.

## **9.- MOCIÓN DO PP PARA A DEROGACIÓN DA MOCIÓN LAICISTA APROBADA POLO GRUPO DE GOBERNO NO PLENO DE ABRIL DE 2016.-**

A Presidencia deu conta da presente moción de data 17 de decembro de 2016, presentada

no rexistro de entrada municipal o día 22 de decembro de 2016 co número 10215. A continuación o Sr. Secretario deu lectura ao ***dítame desfavorable da Comisión Informativa de Saúde Pública, Benestar Social, Actividade Cidadá, Cultura e Educación, do día 26 de decembro de 2016.***

A defensa da moción levouna a cabo o voceiro popular, ***D. Xosé Crespo Iglesias.*** Dixo que ía intentar non sacar as cousas de contexto para defender unha moción controvertida dende os seus inicios.

Explicou que en sesión plenaria do día 28 de abril de 2016 se aprobou unha moción laicista proposta polo Grupo de Goberno. Dita moción non era necesaria en Lalín porque sempre houbo harmonía relixiosa entre confesionalidades. O día que se debateu a moción así o dixeron dende o grupo popular.

Foi unha moción *“irresponsable”* porque creaba confrontacións entre os veciños, *“innecesaria”* porque o que recollía na moción estaba garantido na Constitución, *“incoherente”* e *“incongruente”* porque había membros do goberno que non estaban plenamente de acordo co contido da mesma e *“esperpéntica”* porque eran intereses moi distintos.

Realmente a día de hoxe non chegou a saber o que pretendía o goberno de Lalín con esta moción. Eran un *“berenxenal”* que non aportou nada á convivencia nin a ningunha causa. Sempre se conviviu con respecto relixioso en Lalín.

O grupo popular decidiu traer esta moción ao Pleno pola incoherencia que supuña no Concello aprobar unha moción *“cara a galería”* e para unha parte minoritaria da poboación de Lalín, sen cumprir despois o acordo adoptado.

Non defendía a Igrexa Católica nin o clero, senón a coherencia e a congruencia de facer cumprir os acordos adoptados. Os primeiros que debían garantir o cumprimento dun acordo eran o Goberno e o seu Alcalde, pero en Lalín fíxose o contrario. Considerou que dende o goberno, se aprobou un acordo no cal non crían e por iso non cumpriron o acordado.

Como oposición, querían defender o mellor para os veciños de Lalín, e esta moción aprobada impedía por exemplo, que se outorgasen subvencións aos veciños para arranxos importantes en Igrexas parroquiais, aínda que dende un punto de vista patrimonial fose necesario.

O que tiña unha relixión, debía mantela, e debía manterse polos fieis desa relixión. Pero cando a relixión transcendía, estaba por encima do sentimento relixioso de cada individuo. Ese era o caso da relixión Católica dado que os seus templos tiñan na súa maioría, valor patrimonial, incluso sendo moitos Bens de Interese Cultural.

O único que pretendían dende o PP era que non houbese adoutramento de ningún tipo.

Referiuse a que o Sr. Alcalde lle chamou nos medios de comunicación *“alegre divorciado”*, e ser divorciado non era unha eiva.

Esta moción era soamente para demostrar a incoherencia do Grupo de Goberno.

Falou co Concelleiro non adscrito, ***D. Juan José Cruz,*** para pedirle o seu apoio na moción. Intentou convencelo porque cría que no seu momento este Concelleiro votou a moción por disciplina de partido.

A nivel histórico, considerou que os partidos demócratas cristiáns interviron moito no crecemento de Europa, e ademais a escala de valores de cada un nacía do Cristianismo pola influencia da Relixión Católica na Historia.

En Lalín, maioritariamente, os veciños eran Católicos e coa moción favorecíase o Laicismo. Non vía ben que se favorecese o Laicismo nin o Catolicismo, cría que se debía deixar liberdade para que cada un escollese. Pretendía que cada quen tivese liberdade de culto e que non se fixese propaganda de que se debían ser laicos, acatólicos ou anticatólicos. Só pretendían

dende o PP que non se impuxese o Laicismo.

Considerou que, dende o Grupo de Goberno, o partido instigador da moción fora APAC e díxolle ao *Señor Alcalde*, que cando tivese algún problema coa relixión a causa deste partido, podía contar co apoio e os votos do PP.

Pediulle ao Concelleiro non adscrito que votase a favor e manifestase cales eran as cuestións que quería cambiar da moción, posto que nas Comisións Informativas mantivo a abstención na votación.

Criticou que nos medios de comunicación se tomaron partes da moción de xeito fragmentado e fóra de contexto, e iso provocou que non se correspondese a moción coa que realmente se presentou.

Cría que desde as Administracións Públicas non se debía adoutrinar a ninguén.

Neste punto pediu a palabra o *Sr. Secretario* porque así o facultaba o *artigo 94.3 do ROF* ao entender que no debate se formulou unha cuestión sobre a que podía dubidarse da súa legalidade.

Non tiña dúbidas sobre a legalidade da intervención do voceiro popular nin sobre o fondo da moción.

Pero si se lle presentaron dúbidas en canto a que fosen axustadas a Dereito dous incisos da moción:

- En primeiro lugar, na parte Expositiva, onde se sinalaba “*o que non ocorre no Islam*” e,
- En segundo lugar, no primeiro apartado da parte Dispositiva, cando se sinalaba “*que lamentablemente non están presentes en outras confesións relixiosas*”.

Tiña dúbidas de que fose unha xeneralización que puidese atentar contra o Dereito ao Honor regulado no artigo 18 da Constitución Española e demais normativa de desenvolvemento.

Era unha simple dúbida. Pero o ROF facultábao para formular esta dúbida no tocante á legalidade.

O *Concelleiro non adscrito, D. Juan José Cruz García*, manifestou que esas partes, ás que fixo referencia o *Sr. Secretario*, eran precisamente as que ía pedir que se retirasen da moción para votar a favor.

Insistiu o *Sr. Secretario* sobre as dúbidas xeradas e no caso de que se aprobase a moción tal e como estaba, e despois houberse algún problema legal, tiña que facer esta advertencia.

**D. Xosé Crespo Iglesias** cualificou de acertada a intervención do *Sr. Secretario*.

Dende o seu grupo consultaron a moción dende un punto de vista xurídico se ben, a pesar diso, ante as dúbidas do *Sr. Secretario* retirarían as partes da moción que podían ser contrarias a Dereito.

Ante a máis mínima dúbida preferían retirar as cuestións controvertidas e evitar deste xeito, que a moción tivese algún viso de inconstitucionalidade.

Polo tanto, acordou retirar da moción, as partes que consideraba o *Sr. Secretario* que podían ser contrarias a Dereito.

Engadiu o *Concelleiro non adscrito, D. Juan José Cruz García* que, ademais de retirar as partes controvertidas, como emenda se incorporase no primeiro punto da parte dispositiva o contido do artigo 16.3 da Constitución Española, de tal forma que quedase do seguinte xeito: “*que se manteña coa Igrexa Católica e as demais Confesións Relixiosas as mesmas relacións e*

*colaboracións*”, tal como dicía a Constitución.

O *voceiro popular*, **D. Xosé Crespo Iglesias**, aceptou a emenda do Concelleiro non adscrito, posto que en ningún caso tiñan intención de non colaborar coas outras Confesións relixiosas.

Non habendo máis intervencións, procedeuse á votación da moción coas distintas emendas.

Sometida a votación ordinaria a moción coas emendas incorporadas, mediante o sistema de man alzada, obtívose o seguinte resultado:

*Votos a favor*: once (11) sendo dez (10) do PP e un (1) do Concelleiro non adscrito.

*Votos en contra*: dez (10) sendo cinco (5) de CxG-CCTT, tres (3) do PSdeG-PSOE, un (1) da APAC, un (1) do BNG.

*Abstencións*: ningunha.

Xa que logo, por **MAIORÍA** dos membros do Pleno da Corporación, **APROBOUSE a moción** do seguinte tenor:

O 2 de abril de 2016, o Grupo de Goberno Lalín presentaba, e posteriormente aprobaba, unha moción que supostamente pretendía promover a liberdade de conciencia e a non confesionalidade institucional do Concello de Lalín, cuestións que para nada era preciso promover porque xa existían e existen en plenitude e garantidas pola Carta Magna que rexe as normas de convivencia dos españois.

Dita aprobación fíxose coa firme oposición do grupo municipal do Partido Popular que a tachou de "irresponsable", tanto en canto xeraba enfrontamentos e divisións entre os veciños, "innecesaria" por inocua, "incoherente" e "incongruente" coa actitude de moitos dos membros do propio Goberno que apoiaron a iniciativa e mesmo "esperpéntica", como o decorrer do tempo acabou confirmando en todos os extremos que no seu día criticaba o Partido Popular.

A propia defensa que fixo o goberno da citada moción, xustificándose e desculpándose de antemán e recoñecendo de xeito explícito que non se trataba de cambiar nada, "dado que xa había separación entre Estado e Igrexa"; o que ratificou o propio Alcalde dicindo que a moción "se limita a aplicar a Constitución Española sen pedir nada" (motivo polo que a iniciativa se converte en inútil) e, nun exercicio máis da incoherencia á que xa nos ten acostumado, que non se atopaba cómodo coa moción, xa non presaxiaba nada bo.

Co paso do tempo, os cualificativos que o Partido Popular tiña feito respecto da dita moción non só foron ratificados, senón que mesmo se quedaron cortos á vista do comportamento do grupo de Goberno, e especialmente do alcalde Rafael Cuíña. Un alcalde que empezou, a raíz da impopularidade da medida aprobada, a asistir cunha ansia desbordada a todo tipo de misas, comuñóns e demais celebracións relixiosas, e mesmo non tivo reparo algún en declarar publicamente que se vira abrigado a votar a favor da moción para non incomodar ó seu socio de goberno; comportamento claramente contraditorio coa moción que eles mesmos aprobaron.

Centrando o marco histórico e legal que rexe a relación entre a relixión católica e o poder político, o que é certo é que foi precisamente o Cristianismo o que introduciu na Historia, como novidade absoluta, a independencia da relixión respecto do poder político e viceversa. De aí que, mesmo o seu fundador, ordenase ós seus seguidores "dar ao César o que é o César e a Deus o que é de Deus". Ao fío delo, non é raro, e é o que se fai na moción presentada polo goberno, mal entender esta separación; basicamente, a axeitada separación implica a total independencia organizativa de ámbalas dúas institucións entre poderes políticos e relixiosos. A dita separación non ten porque comportar, e non debería facelo, o que poderíamos cualificar como unha separación radical entre as realidades civís e relixiosas; como si a política tivese que prescindir da relixión, que se imbrica e desenvolve na sociedade civil, de xeito que o poder político non pode facer caso omiso do feito relixioso, promovendo a súa marxinação de todo ámbito político, incluíndo o propiamente institucional, ou negándolle todo auxilio estatal, que é o pretende a moción aprobada polo Grupo de Goberno.

A Constitución Española garante a liberdade ideolóxica, relixiosa e de culto dos individuos e as comunidades (art. 16.1 ), e establece que ningunha confesión terá carácter estatal (art. 16.3) e engade que "os poderes públicos terán en conta as crenzas relixiosas da sociedade española e manterán as conseguíntes relacións de cooperación coa Igrexa Católica e as demais confesións", algo que interesadamente se omite na moción, citando expresamente á Igrexa Católica e non a outras. A constitución tamén recoñece a pluralidade como un valor superior que se debe respectar. Con iniciativas como a de referencia, conculcase esta pluralidade, ao tempo que se coartan as liberdades individuais das persoas, ao evitar que cada individuo defenda, cultive e exprese as súas particulares crenzas, prohibindo expresamente a representantes públicos e traballadores municipais desenvolver e visualizar esa pluralidade ao ordenar asentarse un comportamento único para todos os membros dun colectivo que non se corresponde co pluralismo de crenzas existente.

No ámbito legal, os Tribunais de Xustiza xa se teñen pronunciado ó respecto, de xeito reiterado no senso de que "o art. 16.3 da CE, logo de formular unha declaración de neutralidade, considera ao compoñente relixioso perceptible na sociedade española e ordena aos poderes públicos manter as conseguíntes relacións de cooperación coa Igrexa Católica e as demais confesións, introducindo deste xeito unha idea de aconfesionalidade ou laicidade positiva" (que non negativa, como pretende a moción que aprobou o goberno de Lalín); que "a presenza e o mantemento dun símbolo relixioso non compromete necesariamente a aconfesionalidade do Estado nin a súa neutralidade, pois facilmente se comprende que cando unha tradición relixiosa se atopa integrada no conxunto do tecido social dun determinado colectivo, non cabe soste que a través dela os poderes públicos pretendan transmitir un respaldo ou adherencia a postulados relixiosos" (algo que de novo está latente e pretende xustificar a moción).

Así, tanto o Tribunal Constitucional como o Tribunal Supremo, teñen declarado que "a aconfesionalidade do Estado español e das súas institucións, que proclama o artigo 16. 3 da Constitución, implica unha obrigaón de neutralidade, pero non supón nin un desterro do feito relixioso, nin unha total incomunicación entre os poderes públicos e as diversas confesións relixiosas, especialmente a Católica".

En definitiva, o grupo municipal do Partido Popular entende que a moción laicista, aprobada polo actual Grupo de Goberno, a maiores da súa mais que discutible legalidade, por

tratarse de materias que non son competencia municipal e sobre a que se deberían ter pronunciado os técnicos municipais, supón un intento de adoutrinamento por parte dun moi minoritario sector da cidadanía de Lalín que tenta impoñer á maioría unha ideoloxía de signo marcadamente ateo que non se corresponde coa nosa cultura e tradicións, e contradí un xeneralizado consenso social que existe ao respecto. A súa aceptación, e posterior desobediencia, por unha parte importante do dito Grupo de Goberno, supón un uso espurio do Pleno da Corporación para o mercadeo entre as distintas formacións que o conforman, que devalúa ó propio órgano representante da soberanía popular municipal.

Os reiterados incumprimentos dos acordos da moción presentada polo Goberno -apoiada por todos os membros do goberno cuadripartito, concelleiros de CXL e alcalde incluídos- quedaron especialmente visibilizados polo común dos veciños de Lalín en sendas celebracións relixiosas, incluídas misas e procesións, na Festa da Virxe das Dores e a celebración do día do Pilar na igrexa de Lalín de Arriba. En ambas, tanto o alcalde como os concelleiros da súa formación política, asistiron aos citados actos relixiosos como representantes oficiais do Concello ao ocupar lugares de privilexio nas misas, acompañando a outras autoridades e a oferentes, e asistir ás procesións entre as demais autoridades na primeira fila da mesma, moi lonxe do lugar que lles correspondería se a elas asistiran como un veciño máis e a título individual, que foi o que lle dixeron á cidadanía que ían a facer para cumprir co aprobado. Comportamentos que levantaron innumerables críticas entre os veciños que transmitiron a disparidade e a falla de criterio existente entre a intención política e a acción real.

E por todo iso, **o Pleno da Corporación ACORDOU:**

**Primeiro.-** Recoñecer, dende o absoluto respecto por todas as ideoloxías e relixións, e mesmo por todos aqueles que non profesan nin unhas ni as outras, as raíces cristiáns e católicas do pobo de Lalín, en canto representan os valores democráticos de xustiza, igualdade, liberdade e respecto, e manter coa Igrexa Católica e as demais Confesións Relixiosas as mesmas relacións e colaboracións que ata antes de aprobar dita moción, e que se cumpra escrupulosamente co que manda a Constitución.

**Segundo.-** Declarar nulo e sen efecto nin valor algún o acordo plenario Nº 12 dos acadados polo Pleno da Corporación en sesión de 28 de abril de 2016, en tanto e canto contradiga ou non se corresponda co acordado no punto anterior.

**Terceiro.-** Que os membros da corporación poidan decidir libremente, por si mesmos, se asisten ou non a actos relixiosos como representantes do pobo.

#### **10.- MOCIÓN DO PP PARA INICIAR O EXPEDIENTE PARA OUTORGAR UNHA DISTINCIÓN HONORÍFICA A D. RAFAEL ABELEDO LÓPEZ POLA SÚA LABOR DESINTERESADA A PROL DE LALÍN.-**

A Presidencia deu conta da presente moción de data 18 de decembro de 2016, presentada no rexistro de entrada municipal o día 22 de decembro de 2016 co número 10214. A continuación o Sr. Secretario deu lectura ao ***dítame favorable da Comisión Informativa de Saúde Pública, Benestar Social, Actividade Cidadá, Cultura e Educación, do día 26 de decembro de 2016.***

De novo, o voceiro popular, **D. Xosé Crespo Iglesias** defendeu a moción.

Explicou que D. Rafael Abeledo tivo múltiples cargos relacionados coa Administración Pública e sempre que puido, como bo lalinense ao que lle gustaba exercer como tal, prestou o seu apoio a Lalín.

Referiuse a que no tocante á Comisaría, no Concello de Lalín houbo un agravio comparativo, o cal non tivo causa política. Neste punto fixo unha referencia ao contido da moción.

Pretendía que no Concello chegase a haber unha Comisaría, da cal, a que había a día de hoxe, fose o embrión.

Resaltou que D. Rafael Abeledo foi unha peza fundamental e prodixiosa para a implantación da actual Oficina de Documentación e Estranxeiría da Policía Nacional no Concello de Lalín. A pesar da xestión política, materializouse grazas a el, e desde maio do ano 2015 levaba funcionando dita Oficina nas dependencias do Concello.

Pedía algunha mención recollida no Regulamento de Honras e Distincións para D. Rafael Abeledo e aproveitou a ocasión para dicir que era necesario modificar dito Regulamento. No seu momento, sendo Alcalde, non o modificou porque había temas máis importantes.

O *Tenente de Alcalde*, **D. Nicolás González Casares** recriminoulle que se non modificou dito Regulamento foi porque non tivo interese, xa que se presentaron mocións para cambialo durante o goberno do PP no Concello lalinense.

Engadiu o *Sr. Alcalde-Presidente*, **D. Rafael Cuiña Aparicio**, que dende o goberno estaban de acordo co que acababa de expoñer o voceiro popular, pero tamén podían considerar que tiñan agora cuestións máis importantes ás que atender que a modificación do Regulamento de Honras e Distincións.

Resultoulle curioso que cando o Partido Popular gobernaba, a modificación do Regulamento non fose importante, pero agora que xa non estaba no goberno, si o fose.

Continuou coa súa exposición **D. Xosé Crespo Iglesias** dicindo que no seu momento lle pediu a D. Rafael Abeledo un esforzo especial, aproveitando que estaba gobernando o PP no goberno central en Madrid, para axilizar a cuestión da Oficina de Policía. Por iso pedía que se lle outorgase unha distinción e de paso intentar cambiar o Regulamento de Honras e Distincións.

O Sr. Concelleiro non adscrito, **D. Juan José Cruz García** non quixo engadir nada na súa quenda de palabra.

O *Sr. Alcalde-Presidente*, **D. Rafael Cuiña Aparicio**, dixo que o Grupo de Goberno decidiu dar liberdade de voto aos seus membros e deulle a palabra ao Tenente de Alcalde.

**D. Nicolás González Casares**, *Tenente de Alcalde*, considerou que estaban claros os méritos de D. Rafael Abeledo.

Agora ben, o procedemento empregado polo PP para solicitar esta distinción non lle pareceu o axeitado. Facéndoo de xeito público no Pleno, non empregaban o réxime de Honras e Distincións de forma correcta. Semellaba que o Partido Popular buscaba méritos coa persoa que propuñan e coa familia. Por iso non compartían as formas dende o Grupo de Goberno. Ademais moitos lalinenses tiveron méritos para conseguir unha Distinción pero o feito de que fosen doutra ideoloxía, puido afectar para que non se lle outorgase.

Interrompeuno **D. Xosé Crespo Iglesias** para dicir que non era certo que se escollese ás persoas que propuñan para Honras e Distincións por ideoloxía, dado que o seu partido tamén tiña apoiado outras Distincións propostas por outros grupos.

**D. Nicolás González Casares** matizou que non estaba a cuestionar a labor de D. Rafael Abeledo, senón as formas de levar a cabo o procedemento para propoñer a Distinción.

Esperou que a xestión feita fose duradeira e de verdade fose o embrión dunha Comisaría.

Prestaría o apoio á Distinción pero considerou necesario que se empregase sempre o mesmo baremo, porque había persoas con maiores méritos para ter a Distinción que aínda non se lle outorgara. Ademais debía facerse en segredo e con discreción.

Na súa quenda o *Concelleiro Delegado de Turismo*, **D. Francisco Xavier Vilariño Taboada** dixo que non ía entrar na valoración dos méritos da persoa proposta, só quería reflexionar sobre o xeito de facer a proposición. Considerou que había máis persoas con méritos para ter recoñecementos. Por iso debían ser taxativas estas distincións.

Sorprendeulle que o PP pedise a distinción para unha persoa concreta a través dunha moción porque ata agora, pactábanse e falábanse. Por iso considerou que esta moción era moi partidaria. Ademais facía referencias continuadas ao PP e á labor deste partido na parte expositiva.

Parecíalle “*detestable*” que se realizase a petición dunha condecoración cun relatorio totalmente partidario e partidista.

Se fose unha moción doutro partido, criticaríase por parte do PP moi duramente.

Dixo que se ía abster na votación polas formas, e non votaría en contra por non “*facerlle un feo*” á persoa para a que pedían a distinción.

O *Sr. Alcalde-Presidente*, **D. Rafael Cuíña Aparicio** preguntou se D. Rafael Abeledo sabía que se ía presentar esta moción e o contido da mesma, porque o sentido do voto podía cambiar.

O edil popular, **D. Xosé Crespo Iglesias** non respondeu á pregunta formulada e só dixo que en 25 anos de goberno outorgou menos distincións que o novo goberno en ano e medio.

Insistiu en que o Regulamento de Honras e Distincións era obsoleto. Non o cambiou mentres gobernou e por iso, case non deu distincións.

Sempre pediu o recoñecemento para D. Rafael Abeledo cando se deron Honras e Distincións neste goberno. Por tal motivo e despois de ano e medio sen dito recoñecemento, presentaban a moción. Non pedían a Distinción, senón o estudo da mesma.

En canto ás formas, non entendía as críticas a este respecto e fixo referencia a que o seu partido se decatou dunha das Distincións outorgadas por un discurso do Sr. Alcalde no Museo. Por iso non considerou criticable a moción.

Engadiu ademais que D. Rafael Abeledo acababa de xubilarse, por iso era momento de darlle a Distinción dende o Concello.

Se algunha persoa máis merecía Honras e Distincións era cuestión de estudalo.

Pechou o debate o *Sr. Alcalde-Presidente*, **D. Rafael Cuíña Aparicio** dicindo que tanto el como o seu grupo (CxG-CCTT), estaban a favor do recoñecemento para D. Rafael Abeledo. Si considerou que había que mellorar as formas dende todos os grupos á hora de facer estas propostas.

Rematou mostrando o seu respecto para toda persoa que se propuxese para unha

Distinción.

Sometida a votación ordinaria a moción, mediante o sistema de man alzada, tivo lugar o seguinte resultado:

*Votos a favor:* vinte (20), sendo cinco (5) de CxG-CCTT, tres (3) do PSdeG-PSOE, un (1) da APAC, dez (10) do PP e un (1) do Concelleiro non adscrito.

*Votos en contra:* ningún.

*Abstencións:* unha (1) do BNG.

Xa que logo, por **MAIORÍA** dos asistentes do Pleno da Corporación, **APROBOUSE a moción** do seguinte tenor:

O 4 de maio de 2015 comezaba a funcionar en Lalín a Oficina de Documentación e Estranxeiría da Policía Nacional e con elo poñíase remate a unha ardua negociación de varios anos nos que o goberno do Partido Popular mantivo negociacións a distintos niveis para conseguir a implantación dun servizo permanente e diario de expedición e renovación do DNI e pasaporte, tan necesario en Lalín e na comarca pola súa distancia aos centros de renovación. Servizo que contribuíu a evitar as viaxes de moitos lalinenses e dezanos a Santiago, Ourense, Pontevedra ou Monforte para renovar ou expedir os seus documentos, co conseguente aforro de cartos e tempo que elo supuxo.

En 1997, as xestións do goberno do Partido Popular permitiron implantar, en primeira instancia, un servizo mensual de renovación do DNI que era atendido por un equipo itinerante da Policía Nacional que se desprazaba a Lalín para atender as solicitudes que se cursaban nas oficinas da Policía Local. Co paso do tempo e co incremento das solicitudes de expedición e renovación de documentos, o servizo pasou a ser quincenal para multiplicar por dous o número de persoas atendidas.

Xa no ano 2000, fixéronse as primeiras negociacións importantes para solicitar a implantación dun servizo permanente en Lalín, pero que foron descartadas polas dificultades técnicas e o custo que implicaba daquela a instalación de todo o equipamento necesario para a implantación do mesmo.

En outubro de 2008, o goberno socialista decidiu suspender o servizo por falta de persoal que atendera ao mesmo, o que obrigou ao goberno de Lalín a manter reunións cos responsables provincial e autonómico do goberno do Estado para tentar recuperar o servizo. Unhas negociacións que tiveron o seu froito en novembro de 2010; despois dun bo número de reunións, iniciativas no Congreso e mesmo unha campaña de recollida de sinaturas, ca recuperación do servizo e ca volta do equipo itinerante de expedición do DNI e o pasaporte.

Co paso dos anos e o asentamento do servizo, a súa utilización foise incrementando ata o punto de que en 2011 chegaron a distribuírse todas as citas dun ano en pouco máis de dous días, polo que tivo que priorizarse a atención a persoas con dificultades de desprazamento; principalmente, persoas maiores ou con problemas de mobilidade. Tendo os demais usuarios que cumprir unha peregrinaxe, de máis de 150 km nalgúns casos e perdendo unha xornada laboral, a Pontevedra, Ourense, Santiago e mesmo Monforte para renovar o DNI ou o pasaporte.

Ante esta masificación importante do servizo e a imposibilidade de atender toda a demanda comarcal, o goberno do Partido Popular retomou, en 2012, as negociacións a varias bandas para conseguir unha oficina permanente de expedición do DNI que permitise ofrecer un servizo permanente, próximo e diario aos veciños de Lalín e da comarca.

En outubro de 2014, o goberno lalinense presentaba formalmente, co apoio e asesoramento do lalinense comisario xeneral da Policía Nacional, Rafael Abeledo, ante o director xeral da Policía Nacional, Ignacio Cosidó, o proxecto para a dotar a Lalín dunha minicomisaría ou Unidade de Documentación e Estranxeiría. Unha tramitación na que se contou co apoio do tamén galego José García Losada, que fora Xefe Superior de Policía de Galicia.

O resultado daquela negociación nas máis altas instancias da Policía Nacional guiada, afinada e coordinada no aspecto técnico por Rafael Abeledo e, na parte política, por xente como Ana Pastor permitiu menos dun ano despois, en maio de 2015, que os lalinenses puidesen ter a escasos minutos da súas casas un servizo longamente demandado e intensamente negociado.

Unha negociación que dificilmente tería chegado a bo porto de non ser pola inestimable colaboración, xestión e intermediación de Rafael Abeledo, nado en Goiás en 1950. Licenciado en Dereito pola Universidade de Alcalá de Henares e *máster* en Administración de Empresas e Administración de Empresas de Seguridade e cunha dilatada carreira na Policía Nacional que o levou a ocupar cargos tan importantes como os de: Comisario Principal, Xefe da División de Formación e Perfeccionamento, Conselleiro técnico da Subdirección Xeral de Xestión e Recursos Humanos, Comisario Xefe da Unidade Central de Seguridade Privada da Dirección Xeral da Policía, director do gabinete do Plan Xeral Antidrogas e Coordinador das Comisarías Especiais.

A día de hoxe, co funcionamento a pleno rendemento das instalacións da Oficina de Documentación e Estranxeiría da Policía Nacional no Concello de Lalín, dende hai máis dun ano, os lalinenses e dezanos contan cun servizo de expedición e renovación de documentos, de creación e renovación de certificados dixitais e de temas relacionados coa estranxeiría que os atende no día e sen esperas, ou con moi poucos días de espera dende a tramitación da cita e sen ter que facer percorridos nin perder xornadas laborais. Datos que contrastan cos dos puntos de renovación máis próximos nos que a demora está situada por enriba das tres semanas e hai casos en que chega aos dous e tres meses de atraso dende a solicitude da cita.

Así mesmo, aparte da súa inestimable colaboración para a creación da minicomisaría que pode ser o embrión futuro dunha comisaría completa como xa tivemos nos albores da democracia, Rafael Abeledo colaborou sempre con Lalín a nivel institucional con todo aquilo que se lle solicitou e que tivo que ver cos cargos que ao longo da súa traxectoria tivo dentro da Policía.

Atendendo aos antecedentes relatados e considerando o beneficio desinteresado que amosou na xestión en favor de Lalín e dos lalinenses, **o Pleno da Corporación ACORDOU:**

Iniciar a tramitación necesaria e a elaboración do pertinente expediente para que o Pleno do Concello de Lalín outorgue á persoa de Don Rafael Abeledo López unha distinción honorífica -como podería ser a Medalla de Ouro de Lalín, etc- con motivo da súa desinteresada labor a prol de Lalín e nomeadamente pola consecución da Unidade de Documentación e Estranxeiría, en funcionamento dende o mes de maio de 2015.

**11.- MOCIÓN DO CONCELLEIRO NON ADSCRITO PARA CREAR UN REGULAMENTO ORGÁNICO DE FUNCIONAMENTO DO CONCELLO, INSTAR AO GOBERNO A CREAR UNHA BASES QUE REGULEN A DISTINCIÓN LALINENSES DO ANO, E MODIFICAR A BASE 4 DAS BASES QUE REXERÁN A DISTINCIÓN “ALDEA SINGULAR 2017”.-**

A Presidencia deu conta da presente moción presentada no rexistro de entrada municipal o día 22 de decembro de 2016 co número 10210. A continuación o *Sr. Secretario* deu lectura ao ***ditame desfavorable da Comisión Informativa de Saúde Pública, Benestar Social, Actividade Cidadá, Cultura e Educación, do día 26 de decembro de 2016.***

Defendendo a moción, o *Concelleiro non adscrito, D. Juan José Cruz García*, dixo que en moitas ocasións, a potestade do *Sr. Alcalde* resultaba enxuzable e controvertida. Cría que incluso se raiaba a ilegalidade nos Plenos e por iso, analizou a normativa vixente no Concello de Lalín e viu que se carecía dun Regulamento Orgánico de Funcionamento. Nese Regulamento deberían regularse, entre outras cuestións, os Plenos.

Reflexionou se era delito ou non a súa expulsión do Pleno. A pesar de que deu a súa palabra de que D. Rafael Cuíña ía ser Alcalde toda esta lexislatura, recordou que ser Alcalde non quería dicir que o xuíz non puidese inhabilitalo. Considerou que a súa expulsión foi un capricho persoal e os seus avogados estaban estudando o tema. Era unha falta de respecto e era obvio que a súa expulsión puido variar as votacións nese Pleno. Por iso pedía un informe do *Sr. Secretario* sobre a expulsión.

Continuou dicindo que era unha esixencia democrática que existise un Regulamento Orgánico no Concello.

Con esta moción só pretendía que se reflexionase sobre a falta de Regulamento Orgánico e sobre a regulación das Distincións de Aldea Singular e de Lalinenses do Ano.

Pediou que interviñese o Grupo de Goberno para que demostrasen o coñecemento do procedemento administrativo, que tanto a el lle criticaban.

O *Sr. Alcalde-Presidente, D. Rafael Cuíña Aparicio* dixo que o Grupo de Goberno non tiña nada que dicir e que se procedía á votación.

Non obstante, *D. Juan José Cruz García* manifestou a súa desconformidade e non quixo proceder á votación.

O *Sr. Alcalde-Presidente, D. Rafael Cuíña Aparicio* aclarou que era el quen dirixía o Pleno. Preguntou se dende o Partido Popular querían engadir algunha cuestión.

Dende o PP, *D. Xosé Crespo Iglesias* tomou a palabra para dicir con respecto ao Concelleiro non adscrito dixo que negociaban con el para ter o seu apoio e sacar mocións adiante mirando polos intereses de Lalín e os seus veciños.

Ás veces este Concelleiro non adscrito resultaba excesivamente atacado como no caso da súa expulsión do Pleno, e en ocasións presentaba temas ao Pleno que podían chamar a atención pero motivados moitas veces por eses ataques.

O Regulamento Orgánico do Concello de Lalín xa existía de facto pero iso non era problema para recoñecer que necesitaba regular detalles máis concretos dalgúns temas.

Debería regular o número de intervencións por exemplo, e nos debates centrarse só no estudo das mocións.

Propuxo unha emenda respecto “ao xurado das Distincións de Lalinenses do Ano e Aldea Singular para que houbera unha representación o máis proporcional posible”, no sentido de que o grupo popular non era goberno pero querían contar con maior representación. Puxo o exemplo do Padroado Cultural onde só contaban cun representante fronte aos cinco que tiña o grupo goberno.

Por iso pediu que a presenza política nos xurados fose proporcional e que cada grupo tivese un representante polo menos.

**D. Juan José Cruz García** dixo que era ese o sentido que tiña a moción.

Posiblemente debían debater a legalidade da Distinción de Lalinense do Ano e da Aldea Singular. Referiuse ao *Sr. Secretario* para dicir se tiña visto os artigos do ROF no tocante á legalidade de ditas Distincións.

Indicou que lía os artigos 169 e 191 do ROF en relación con estas Distincións. Non obstante, obsérvase un erro na referencia ao número 169, xa que, o contido dos preceptos lidos, correspóndese cos artigos 189 e 191 do ROF.

Dado que non se regulaban as mesmas en ningún Regulamento especial, cumprindo o establecido en ambos preceptos mencionados do ROF, pediu un informe do *Sr. Secretario* ao respecto da legalidade.

Aceptou a emenda do Partido Popular.

Pechou o debate o *Sr. Alcalde-Presidente, D. Rafael Cuiña Aparicio* dicindo que os Regulamentos, tanto da Aldea Singular como de Lalinenses do Ano, eran un competencia do Alcalde, “a cal non se lle podía quitar e polo tanto, aprobar a moción en Pleno era papel mollado”. Pediu que o corrixisse o *Sr Secretario* se non era correcto o que estaba a dicir.

Por alusións, o *Sr. Secretario* entrevistou para dicir que non era correcto o que acababa de dicir o *Sr. Alcalde-Presidente* porque a aprobación dos Regulamentos e Ordenanzas Municipais era competencia plenaria. Na moción non se falaba de Regulamentos respecto da Distinción de Lalinenses do Ano e da Aldea Singular.

O *Concelleiro non adscrito, D. Juan José Cruz García* dixo que quería evidenciar que o goberno non cumpría a Lei e pediu que o *Sr. Secretario* fixese o seu traballo.

Continuou falando o *Sr. Secretario* para dicir que na Orde do día constaba o título da moción e nel aparecían tres cuestións: creación dun Regulamento Orgánico de funcionamento do Concello, dunhas Bases que regulen a Distinción de Lalinenses do Ano e modificación da base 4 das Bases da Distinción Aldea Singular. Sen embargo na parte dispositiva da mesma, aparecían máis cuestións que esas tres.

**D. Juan José Cruz García** preguntoulle ao *Sr. Secretario*, se despois da súa exposición, non entendeu que o Regulamento Orgánico debía ter regulados estes premios.

O *Sr. Secretario* respondeu que despois da súa exposición, tiña que estudar os artigos

190, 196 e 199 do ROF.

Igualmente, obsérvase un erro respecto da numeración dos artigos citados polo Sr. Secretario.

Non obstante, á vista do debate, resulta evidente que os preceptos de referencia son os artigos 189 a 191 do ROF.

**D. Juan José Cruz García** díxolle que os estudase e despois falaban, porque xa estaba canso de que os técnicos municipais recoñecesen no Pleno cuestións que non tiñan nada que recoñecer.

Insistiu en que estudase os artigos e fixese o informe que lle solicitaba para, unha vez feito, evidenciar que dende o goberno non se cumpría o procedemento administrativo. No caso de que do informe resultase que o goberno si cumpría o procedemento administrativo, pediría perdón no Pleno.

O Sr. Secretario dixo que non estaba falando diso neses momentos.

**D. Juan José Cruz García** contestou que ao dicir que tiña que estudar os artigos do ROF, si estaba a falar diso.

Ante o ton empregado polo Concelleiro non adscrito, o *Tenente de Alcalde*, **D. Nicolás González Casares** preguntoulle se cría que podía falarlle así a un funcionario.

Respondeu **D. Juan José Cruz García** que estaba a exercer a súa labor de control.

Tanto o *Tenente de Alcalde*, **D. Nicolás González Casares** como o *Concelleiro Delegado*, **D. Francisco Xavier Vilariño Taboada** pedíronlle ao Concelleiro non adscrito que tivese máis educación e que tratase con respecto ao Sr. Secretario.

**D. Juan José Cruz García** contestou que xa estaba a falar desde o máximo respecto e que de feito respectaba moito ao Sr. Secretario, e insistiu en que este si estaba a falar de que tiña que estudar os artigos do ROF.

O Sr. Secretario aclarou que entendi porque o Sr. Alcalde pediu que o corrixisse.

Insistiu **D. Juan José Cruz García** que o Sr. Secretario dixo que tiña que estudar o tema.

O Sr. Secretario dixo que en ningún momento se referiu a que tiña que estudar as palabras do Sr. Alcalde, senón que se referiu a que debía estudar os artigos do ROF en relación coa exposición do Concelleiro non adscrito.

O Concelleiro non adscrito, **D. Juan José Cruz García** volveulle repetir que estudase o ROF e fixese o informe que solicitaba na moción.

O Sr. Secretario díxolle que o motivo de ter que realizar o estudo de tales preceptos era

que non se citaron na moción que se presentou e que se estaba a debater.

O *Concelleiro non adscrito*, **D. Juan José Cruz García** dixo que os tempos os marcaba el e que o *Sr. Secretario* tiña que facer o seu traballo técnico.

O *Sr. Secretario* insistiu que se tales preceptos se tivesen citado na moción, evidentemente xa os ía ter estudado e daría unha resposta na sesión plenaria.

De novo o *Concelleiro non adscrito*, **D. Juan José Cruz García** insistiu no mesmo: se o *Sr. Secretario* tiña que estudar os artigos do ROF.

O *Sr. Secretario* respondeu afirmativamente.

**D. Juan José Cruz García** considerou que estaba o tema pechado.

O *Sr. Secretario* dixo que o tema do estudo dos artigos do ROF xa estaba pechado facía un anaco, pero que había varias cuestións, que a raíz das palabras do *Sr. Alcalde- Presidente*, debía expoñer na sesión plenaria antes de que se efectuase a votación.

De novo recalcou que tomou a palabra porque o *Sr. Alcalde* pediu que o corrixisse o *Sr. Secretario* se se estaba equivocando.

Nas palabras textuais do *Sr. Alcalde* si había un erro posto que a aprobación das Ordenanzas e Regulamentos Municipais non era competencia do *Sr. Alcalde*, senón do Pleno. Pero se esas Distincións ou Premios non se regulaban por Regulamento ou Ordenanza Municipal, senón por Bases, como xa estaba a suceder na Distinción da Aldea Singular, esas Bases non serían competencia plenaria senón do *Sr. Alcalde*.

Neste intre, entreviú **D. Xosé Crespo Iglesias** para dicir que iso non era así porque o Pleno podía cambiar esas competencias e avogar calquera competencia municipal.

O *Tenente de Alcalde*, **D. Nicolás González Casares** dixo que non se podían avogar polo Pleno as competencias do *Sr. Alcalde*.

De novo entreviú **D. Xosé Crespo Iglesias** para dicir que ao tratarse dun Premio con retribución económica, como no caso de Aldea Singular que tiña unha retribución económica de 15.000 euros, podía revogarse polo Pleno.

O *Tenente de Alcalde*, **D. Nicolás González Casares** aclarou que esa revogación era vía orzamentaria pero non vía modificación das Bases.

**D. Xosé Crespo Iglesias** referiuse a que o único que pretendían dende o PP era que se lle dese participación aos grupos municipais.

O *Tenente de Alcalde*, **D. Nicolás González Casares** díxolle que xa lle deron voz á oposición porque cando gobernaba o PP, non lle deron nin voz nin voto á oposición na Distinción de Lalinenses do Ano. A Distinción de Aldea Singular creouna o goberno actual o ano pasado e non lle deu participación á oposición, pero este ano si.

**D. Xosé Crespo Iglesias** recriminoulle que este ano lle daban participación porque o Grupo de Goberno perdeu a maioría.

O *Tenente de Alcalde*, **D. Nicolás González Casares** díxolle que no caso da Encomenda do Cocido tampouco había bases nin se contaba coa oposición. Polo que pediu que non lle falase nin de Bases, nin de Democracia, nin de participación, porque en 25 anos no goberno, D. Xosé Crespo non contou coa oposición nin co pobo de Lalín para elaborar bases.

Recoñeceu estar enfadado porque dende o PP ían votar a favor da moción, despois de ver como lle falou o Concelleiro non adscrito ao Sr. Secretario e o ton empregado no Pleno. Parecíalle vergonzoso.

Para **D. Xosé Crespo Iglesias** no Pleno parecíanlle “*moitas cousas vergonzosas*”.

O *Concelleiro non adscrito*, **D. Juan José Cruz García** dixo que debían entender que estaba “*machacado mediaticamente*” e que non lle esixía ao Sr. Secretario máis que fixese o seu traballo con tódolos respectos.

Aceptaría se lle dixese que non tiña a razón. Pediu desculpas polo ton.

Antes de proceder á votación, o Sr. Secretario considerou necesario aclarar se ían votarse os cinco puntos recollidos na parte dispositiva da moción de xeito separado ou conxuntamente.

Na Orde do día aparecía o nome da moción co título que tiña, e no título só aparecían tres cuestións, se ben logo na parte dispositiva realizábanse cinco peticións.

Era necesario aclarar se se votaban as cinco peticións da moción.

O Sr. Alcalde-Presidente, **D. Rafael Cuiña Aparicio** dixo que votaban os cinco puntos da moción en bloque.

Sometida a votación ordinaria a moción, mediante o sistema de man alzada, tivo lugar o seguinte resultado:

*Votos a favor*: once (11) sendo dez (10) do PP e un (1) do Concelleiro non adscrito.

*Votos en contra*: dez (10), sendo cinco (5) de CxG-CCTT, tres (3) do PSdeG-PSOE, un (1) da APAC e un (1) do BNG.

*Abstencións*: ningunha.

Xa que logo, por **MAIORÍA** dos asistentes do Pleno da Corporación, **APROBOUSE a moción** co seguinte contido:

Tras observar nos últimos meses que a potestade do alcalde en canto á dirección e ordenación dos plenos municipais está sendo moi controvertida e, incluso, poderíase dicir que en certas ocasións raiando os límites da legalidade e da boa educación, desde o noso grupo de traballo intentamos analizar a normativa vixente que rexe a organización e o funcionamento do pleno municipal. Sorprendentemente, advertimos que o Concello de Lalín, a pesar de ser un concello de primeira categoría, non dispón de ningún regulamento orgánico que regule ao detalle o seu funcionamento.

Co fin de reducir o ámbito da discrecionalidade política de actuación do alcalde-presidente

do Concello de Lalín no transcurso dos plenos, é necesario que se regule de maneira obxectiva o seu funcionamento: regulando as intervencións para evitar as continuas interrupcións do señor alcalde e dos concelleiros do Grupo de Goberno, determinando con maior novel de detalle cales son as causas de expulsión e os supostos nos que procede a chamada á orde dos concelleiros para que non dependa exclusivamente do capricho e da arbitrariedade do señor alcalde, regulando o emprego e validez da presentación das mocións por vía telemática e o acceso á información que se vai tratar nos plenos por vía electrónica, regulando as comparecencias dos concelleiros cando sexan requiridos para elo para que poidan ser o máis transparentes e libres posibles sen intromisións do alcalde que distorsionen os seus obxectivos, etc.

Neste senso, compre recordarlle ao señor alcalde que no exercicio das súas funcións, durante un pleno pasado no que me expulsou sen dar xustificación algunha dos motivos, podería estar incorrendo nun delito. Como todos sabemos, prevaricar é ditar unha resolución manifestamente inxusta a sabendas e o alcalde, sen xustificación obxectiva baixo a miña opinión e a de calquera que obxectivamente revise os vídeos da miña expulsión, decidiu arbitrariamente que debía abandonar o pleno municipal. É dicir, o señor alcalde botoume por capricho persoal. Nas dúas primeiras chamadas de atención non me comportei de xeito diferente ao voceiro do PP, nin ao propio tenente de alcalde, quen parece que ten a potestade de abrir a boca cando lle dea a gana pese a non estar autorizado polo señor alcalde, sen embargo a min dáme a palabra e quitama cando lle apetece, interrompéndome constantemente e incluso amoestándome por continuar falando logo das súas constantes interrupcións como se me houbese retirado o uso da palabra. Na terceira amoestación, que conlevou a miña expulsión non me dou tempo nin a empezar a miña argumentación e menos a rematala, evidentemente, e por riba o pouco que dixen, que foron catro ou cinco palabras contadas son feitos probados que ninguén pode discutir. En consecuencia, a miña expulsión foi absolutamente caprichosa e totalmente inxustificada.

Levamos tempo (e están os plenos gravados para comprobalo) observando como o señor Alcalde me interrompe sen motivo para cortar a miña exposición. Levamos tempo observando como me falta ao respecto tanto nas formas, como nas referencias á miña persoa, nos xestos e incluso afirmando que oe como me insultan algúns cidadáns (se o alcalde de Lalín escoita persoalmente como insultan gravemente e ameazan a un Concelleiro ten a obriga de denunciálo por ser un comportamento delitivo) pero o señor alcalde non o denuncia porque o que quer é facer dano político e utiliza a treta de inventar “veciños pantasma” que el di que me insultan pero que como non existen tampouco me da dereito a réplica. Levamos tempo escoitando como me di que me vai facilitar o acceso á documentación dos plenos e logo non cumpre, como continuamente trata de limitar as miñas intervencións cortándome o uso da palabra e chamándome á orde cando eu, e insisto que están os vídeos dos plenos dispoñibles para o seu visionado, sempre tiver un comportamento correcto, fóra da debida confrontación dialéctica esixida na política. Por todo elo, non é un capricho esixir agora que se regule o funcionamento do pleno a través dun Regulamento Orgánico, senón unha esixencia democrática para evitar que a potestade discrecional do señor alcalde poida entorpecer a labor de control e fiscalización da oposición.

Tampouco se pode descoñecer que na actual configuración política do pleno de Lalín, calquera modificación da súa composición, debida a faltas de asistencia, expulsións, diferencias de opinión entre os membros do Grupo de Goberno, etc. pode afectar ao resultado final das votacións. Neste sentido, a miña expulsión puido incluso ter como obxectivo variar os resultados das votacións, que lugar a dúbidas sería manifestamente grave e probablemente delitivo. Como queira que o comportamento do alcalde está sendo altamente desleal cos partidos da oposición, especialmente comigo, e como queira que este tipo de actitudes de confrontación son esgrimidas polo señor alcalde noutros moitos ámbitos da súa vida política (caso das firmas falsas

do Corpiño, comentarios que intentaron facer dano a empresarios locais, opinións controvertidas nas redes sociais atacando á veciñanza de Lalín, tanto individualmente como organizada en colectivos, insinuacións de enchufismo contra os empregados municipais que agora di que está a defender, o caso da “espionaxe” política no que recoñeceu o uso das cámaras de seguridade do concello con fins ilícitos e cando advertiu a ilegalidade do que dixo tivo que contradicirse, comportamentos desleais para vender o traballo de consenso que fixemos entre todos os grupos políticos do concello, e un longuísimos etc. de exemplos que demostran a perigosidade de confiar nunha persoa que non é de palabra porque di unha cousa e fai a contraria) a consecuencia lóxica é que o señor alcalde xa non teña credibilidade e que as súas declaracións sobre o cambio de actitude non se corresponden coa realidade.

Por outra banda, á vista de que durante anos, con notable éxito e aproveitando a celebración do concerto de fin de ano da Banda de Lalín, se vén celebrando un evento para honrar aos cidadáns e colectivos máis distinguidos durante o ano, normalmente no eido social, cultural ou deportivo, desde o noso grupo de traballo, que eu como Concelleiro non adscrito represento, creemos que sería conveniente darlle un carácter oficial que aporte maior solemnidade, obxectividade e rigorosidade como valores engadidos aos galardóns.

Neste senso, conséntase que non existen unhas bases reguladoras que garantan uns criterios obxectivos para valorar os méritos dos premiados. Tamén se aprecia unha preocupante ausencia de pautas debidamente regradas para determinar a composición dun xurado que debería estar conformado por veciños con un prestixio, unha profesionalidade e un grao de compromiso con Lalín incuestionables, que non permitan poñer en tela de xuízo a entrega duns premios que antes e agora son se tildaron de premios de índole política, o que sen dúbida lles fai perder parte do seu valor. Os premios deben ser patrimonio da veciñanza de Lalín, como recoñecemento popular de todos a persoeiros e colectivos que desenvolven unha labor digna de mención pública, polo que a mellor solución para garantir que así sexa, creemos que é darlle ese carácter oficial, solemne e regrado que terán coa creación e aprobación dunhas Bases reguladoras.

Ata o de agora, non está claro como se outorgan estas distincións nin quen o fai, polo que, sen ánimo de poñer en dúbida as distincións e recoñecementos xa realizados, que non é o tema da moción, e en aras de mellorar e ampliar o prestixio e solemnidade destes premios, consideramos que sería moi recomendable a aprobación dunhas bases que sirvan de sustento obxectivo e razoado á concesión das distincións de “Lalinense do Ano”, en todas as súas modalidades.

En terceiro lugar, o grupo de traballo que represento, como Concelleiro non adscrito, valora positivamente a iniciativa para distinguir a aquela aldea ou parroquia do Concello de Lalín que destaque de modo notable na defensa e conservación da súa contorna natural, ambiental, do seu patrimonio histórico, cultural ou artístico, en iniciativas de impulso económico e social, dinamismo social e cultural, integración veciñal, etc, sempre que todo isto redunde en beneficio común.

Non obstante, consideramos que semellante distinción queda en certa medida desprestixiada ou minusvalorada polas inxerencias políticas tan marcadas na composición do xurado.

Concretamente da análise da composición do xurado obsérvase que, na práctica, é o alcalde-presidente quen se reserva a potestade exclusiva de nomear o xurado, por ser quen aproba as Bases reguladoras. Por outro lado obsérvase unha clara e manifesta vulneración da representatividade política da Corporación Local de Lalín na composición do xurado.

Chama a atención que entre os membros do xurado, segundo se recolle na Base 4, se sinalen 6

concelleiros, incluído o señor alcalde, dos partidos do goberno, mentres unicamente se sinala un único Concelleiro/a por parte da oposición, e nin sequera se sinala como se nomea o representante da oposición.

Polo tanto, a proporción creemos que é abusiva e inxustificada para un premio que se supón que non debe estar contaminado con inxerencias políticas arbitrarias e desproporcionadas.

En consecuencia, desde o noso grupo de traballo entendemos que deben reducirse ó mínimo estas inxerencias políticas, que consideramos abusivas e arbitrarias, en aras de garantir a transparencia e rigorosidade deste tipo de premios.

Por todo o exposto, **o Pleno da Corporación ACORDOU:**

**Primeiro.-** Iniciar os trámites para crear un Regulamento Orgánico de funcionamento do Concello de Lalín (en consecuencia do pleno), no que entre outros aspectos deberían regularse as intervencións dos concelleiros e definirse con maior detalle as causas de expulsión, co fin de evitar a actual arbitrariedade na moderación do debate plenario da que fai gala o señor alcalde do Concello de Lalín, para vergonza da institución á que representa, dos membros do pleno doutras afiliacións políticas e da veciñanza deste concello.

**Segundo.-** Reprobar ao Señor Alcalde pola pasada expulsión do Concelleiro non adscrito e por cortarlle o uso de palabra e interromperlle constantemente sen máis obxecto que o de desautorizar as súas intervencións.

**Terceiro.-** Instar ao Señor Secretario a emitir un informe sobre a legalidade e a valoración xurídica das actuacións do señor alcalde no Pleno (tanto na expulsión do Concelleiro non adscrito como no uso das súas facultades de moderador dos plenos para cortar a palabra e interromper a capricho, especialmente no último pleno), por se puideran ser constitutivas de algún delito.

**Cuarto.-** Instar ao Goberno municipal de Lalín a iniciar os trámites para crear e aprobar unhas Bases reguladoras da concesión dos premios “Lalinense do Ano”, creación dunha comisión (de cinco persoeiros propostos polo goberno, cinco polo PP e un polo Concelleiro non adscrito) podendo por exemplo formar despois a maiores 5 concelleiros da oposición e 5 do goberno, para que se dea unha representación o máis proporcional posible, e que xurda efecto para os premios de hoxe nun ano poñendo como data límite para ter o demandado o 30 de Xuño de 2017.

**Quinto.-** Instar ao Señor Alcalde ou órgano competente a modificar a Base 4 das que rexerán a concesión da distinción Aldea Singular do Concello de Lalín para o ano 2017, para que se dea unha representación o máis proporcional posible, de modo que se asegure que a representación política dos premios sexa proporcional á representación real das forzas políticas na Corporación Local.

## **12.- MOCIÓN POR URXENCIA DO GRUPO DE GOBERNO PARA SOLICITARLLE Á CRTVG QUE MANTENGA A GALA DOS PREMIOS GASTRONÓMICOS DENDE LALÍN.-**

A Presidencia deu conta da Moción por urxencia do Grupo de Goberno, de data 29 de decembro de 2016, presentada na sesión plenaria para solicitarlle á CRTVG que mantivese a

Gala dos Premios Gastronómicos dende Lalín.

Dende o grupo popular, **D. Xosé Crespo Iglesias** pediu que se explicase o contido da moción antes de votar a urxencia, porque acababan de trasladarlle a mesma na sesión plenaria e non coñecían o que nela se pedía por parte do Grupo de Goberno.

O *Sr. Alcalde-Presidente*, **D. Rafael Cuíña Aparicio**, explicou que o Grupo de Goberno presentaba esta moción para pedirlle á CRTVG que mantivese a Gala do Cocido como outros anos. Era un vehículo importante de promoción do pobo de Lalín e que lle gustaba a unha parte importante do pobo lalinense.

O voceiro popular **D. Xosé Crespo Iglesias** manifestou que dende o seu grupo estaban a favor da urxencia. Posteriormente entrarían no fondo do debate porque estaban aínda estudando o contido da moción.

Sometida a votación ordinaria a urxencia da moción presentada polo Grupo de Goberno, mediante o sistema de man alzada, obtívose o seguinte resultado:

*Votos a favor:* vinte e un (21), sendo cinco (5) de CxG-CCTT, tres (3) do PSdeG-PSOE, un (1) da APAC, un (1) do BNG, dez (10) do PP e un (1) do Concelleiro non adscrito.

*Votos en contra:* ningún.

*Abstencións:* ningunha.

Xa que logo, por **UNANIMIDADE** dos asistentes **RATIFICOUSE A URXENCIA DA MOCIÓN.**

O edil popular, **D. Xosé Crespo Iglesias** manifestou que o seu grupo estaba de acordo co contido da moción se ben, non considerou axeitadas as formas.

Un dos defectos do goberno lalinense era que *“primeiro disparaba e logo preguntaba”*, e debía ser ao revés.

Ademais se lle saía mal algunha xestión, recibía a culpa o Partido Popular. De feito argumentaron que non había a Gala porque as relacións persoais co *Conselleiro Román Rodríguez González* non eran boas, pero non era así. As relacións persoais e políticas co Conselleiro gozaban de moi boa saúde.

O *Sr. Alcalde*, en lugar de recoñecer que era *“un torpe político”*, botáballe a culpa a eles de que a Gala do Cocido non chegase a celebrarse.

Non considerou axeitado que fomentasen as malas relacións con aquelas persoas que podían arranxar os problemas e das que dependían as xestións.

Manifestou que votarían a favor pero recomendoulle aos membros do goberno que fosen humildes nas xestións relativas á Gala.

Na súa quenda de palabra, o *Concelleiro non adscrito*, **D. Juan José Cruz García** considerou moi importante que a Gala se chegase a realizar por ser boa para a publicidade de Lalín.

Dixo non ter claro se prefería introducir unha emenda á moción ou ben presentar unha a posteriori *“en vivo”* na sesión plenaria.

Optou por esta segunda opción e no seguinte punto da Orde do Día presentaría unha moción por urxencia.

Dende o Grupo de Goberno, **D. Rafael Cuiña Aparicio**, explicou que a moción respondía ao feito de que se recibiu unha carta no tocante á non celebración este ano da Gala do Cocido. Non se contou nada ata uns días despois, porque se fixeron xestións ao respecto. Nesas xestións, comentáronlle que un Directivo, moi próximo ao Partido Popular, non quería facer a Gala “*para non facerlle esa plataforma de promoción ao fillo de Cuiña*”.

Recomendoulle **D. Xosé Crespo Iglesias** que non se seguise por ese camiño se quería solucionar este tema.

**D. Rafael Cuiña Aparicio** cría que o pobo de Lalín tiña dereito a saber a causa de determinado tipo de decisións políticas. Fíxose a Gala en época de crise por unha decisión política e non a había este ano por outro decisión política.

Aínda que non lle gustaba o concepto de Gala, a moitos lalinenses si lles gustaba e era ademais, unha moi boa promoción do Cocido de Lalín. Por iso o goberno ía intentar que se levase a cabo por tódolos medios.

Preguntou **D. Xosé Crespo Iglesias** cal era o motivo de que, o ano pasado, si se tivese feito a Gala, porque se era unha decisión política xa o ano pasado estaba o Grupo de Goberno no Concello lalinense.

Pechando o debate, o *Sr. Alcalde-Presidente*, **D. Rafael Cuiña Aparicio** recoñeceu que xa o ano anterior houbo tensións no tocante á Gala e así por exemplo, no último minuto cobraron as luces sen telo previsto. Dende a CRTVG díxéronlle que era unha decisión política. Ninguén se dirixiu ao goberno, só se remitiu unha carta e non eran formas, sobre todo no ámbito institucional.

Sometida a votación ordinaria a moción, mediante o sistema de man alzada, obtívose o seguinte resultado:

*Votos a favor:* vinte e un (21), sendo cinco (5) de CxG-CCTT, tres (3) do PSdeG-PSOE, un (1) da APAC, un (1) do BNG, dez (10) do PP e un (1) do Concelleiro non adscrito.

*Votos en contra:* ningún.

*Abstencións:* ningunha.

Deste xeito, por **UNANIMIDADE** dos membros do Pleno da Corporación, **APROBOUSE a moción** do seguinte tenor:

O pasado 20 de decembro o Concello de Lalín recibía unha carta asinada por Rosa Vilas Núñez -directora da Radio Televisión de Galicia- na que se informaba de que a TVG non está en condicións de levar a cabo este ano a produción da Gala dos Premios Gastronómicos que se viña realizando no venres anterior á celebración da Feira do Cocido dende 1995.

Na misiva xustificábase esta medida polo crecente desequilibrio entre os custos económicos e organizativos e o rendemento do programa en termos de audiencia.

Para o Goberno de Lalín trátase dunha decisión coa que non estamos de acordo e que non podemos menos que lamentar, ademais de non estar xustificada, tendo en conta o importantísimo esforzo orzamentario que realiza o Concello para a súa celebración. Nas últimas dúas décadas, a

Gala converteuse nun dos elementos centrais da completa programación de actividades da Feira do Cocido, unha celebración gastronómica que é recoñecida non só como a máis importante de Galicia, senón do conxunto do Estado, e que -como tal- debe recibir o máximo apoio dos medios de comunicación públicos galegos. Ademais, a Gala xoga un papel primordial na organización dos Premios da Gastronomía de Galicia e no Premio de Xornalismo Gastronómico “Álvaro Cunqueiro”, os máis importantes de Galicia no seu ámbito.

Polo que, o **Pleno da Corporación ACORDOU**:

Solicitarlle á CRTVG que reconsidere a súa decisión e, en consecuencia, manteña a produción da Gala dos Premios da Gastronomía dende Lalín, tal e como se vén facendo dende hai máis de 20 anos.

**13.- MOCIÓN POR URXENCIA DO SR. CONCELEIRO NON ADSCRITO PARA QUE NO CASO DE QUE NON SE REALICE A GALA DO COCIDO, SE DESTINE O ORZAMENTO EQUIVALENTE AO CUSTE DE DITA GALA NO ANO 2016, A UN PROXECTO DE SERVIZOS SOCIAIS.-**

O *Concelleiro non adscrito*, **D. Juan José Cruz García**, presentou a moción por urxencia e *in voce* na sesión plenaria para que, no caso de que non se realizase a Gala do Cocido, se destinase o orzamento equivalente ao custo de dita Gala no ano 2016, a un proxecto de Servizos Sociais para o cal presentaría un Proxecto concreto ao Pleno.

O *Sr. Alcalde-Presidente*, **D. Rafael Cuiña Aparicio** dixo que dende o goberno, tiñan a intención de artellar outro plan, para que no caso de que a Gala non chegase a efectuarse, se puidesen entregar os Premios Nacionais de Gastronomía. Eran Premios prestixiosos e o goberno quería seguir outorgándoos coa máxima solemnidade posible. Loxicamente para iso necesitaba fondos.

Dende o PP, **D. Xosé Crespo Iglesias** propúxolle ao Concelleiro non adscrito, que no caso de non haber Gala, elaborase un Proxecto de Servizos Sociais, ou do que considerase oportuno, para debatelos.

Recomendoulle levar unha moción ao Pleno de Xaneiro de 2017, posto que ademais nesas datas xa se ía saber con seguridade se a Gala se celebraba finalmente ou non, e así falarían a que adicar eses fondos.

**D. Juan José Cruz García** dixo que se podía realizar a votación nesta sesión porque a moción por urxencia era para o caso de que non se realizase a Gala do Cocido.

Insistiu **D. Rafael Cuiña Aparicio** en que os Premios se ían entregar, houbera Gala ou non, e os fondos eran necesarios. Ademais, co seu goberno, os orzamentos en materia de Servizos Sociais eran históricos no Concello de Lalín, polo que non lle ían dar leccións a este respecto.

Pediu entón **D. Juan José Cruz García** que se destinase unha porcentaxe da contía

destinada á Gala para ese Proxecto de Servizos Sociais que ía propor.

Considerou **D. Rafael Cuiña Aparicio** que, de votarse a moción proposta polo Concelleiro non adscrito, estarían anulando os Premios Nacionais de Gastronomía.

O *Concelleiro Delegado de Turismo, D. Francisco Xavier Vilariño Taboada*, apelou ao sentido común. Servizos Sociais non era algo abstracto, senón políticas concretas e neste goberno viron aumentadas as súas partidas.

Pediú seriedade porque non podía perderse a Gala e tamén os Premios Nacionais de Gastronomía. Eran moi importantes pola súa proxección e tradición, e non se podían perder polo que era necesario orzamento para levalos adiante.

Neste ano, ata intentaron rebaixarse os gastos da Feira do Cocido, polo que non podía realizarse esta votación, non era serio.

**D. Xosé Crespo Iglesias** dixo que a Gala non tiña nada que ver cos Premios posto que entregábanse durante a Gala, pero eran a parte da mesma e dábanse cunha subvención da Dirección Xeral de Turismo.

Senón houbera a Gala, os Premios debían darse igual.

**D. Juan José Cruz García** propuxo unha Gala Benéfica.

O *Sr. Alcalde-Presidente, D. Rafael Cuiña Aparicio* propuxo votar a urxencia da moción.

Ante a falta de acordo ao respecto e o debate suscitado entre os distintos grupos, a Presidencia **RETIROU A MOCIÓN** por solicitude do Concelleiro non adscrito, propoñente da mesma.

## **14.- ROGOS E PREGUNTAS.-**

### **14.1.- CONCELLEIRO NON ADSCRITO, D. JUAN JOSÉ CRUZ GARCÍA.-**

#### **1.- PREGUNTA.-**

Preguntou ao Concelleiro Delegado de Infraestruturas Rurais, D. Miguel Ángel Medela Dobarro, se non era verdade que xa lle pediú con anterioridade unha actuación para limpar se fose tecnicamente posible, ou senón o fose solucionar un punto de luz, en Lamas (Cadrón).

**D. Miguel Ángel Medela Dobarro** indicou que respondería por escrito.

O Concelleiro non adscrito, D. Juan José Cruz García pediú que constase en acta que efectivamente, el solicitou esa actuación para solucionar un punto de luz en Lamas e que mandaríaa a ubicación concreta da zona.

#### **2.- ROGO.-**

Rogou que se propuxese para o Rueiro a Manuel Abeledo.

O **Sr. Alcalde-Presidente** quedou enterado.

#### **14.2.- PARTIDO POPULAR, D. ANTONIO RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ.-**

##### **1.- ROGO.-**

Reiterou, unha vez máis, que o goberno lalinense se dirixise á Deputación de Pontevedra para que acometese a limpeza da estrada EP-6004 (Prado-Cristimil-Gresande-Barcia-Vilatuxe).

O **Sr. Alcalde-Presidente** quedou enterado.

##### **2.- ROGO.-**

Pediu ao goberno lalinense que se dirixise á Deputación para que, con motivo das xeadas destes días, se distribuíse máis sal nas estradas.

O **Sr. Alcalde-Presidente** quedou enterado.

#### **14.3.- PARTIDO POPULAR, PREGUNTAS FORMULADAS POR ESCRITO.-**

Dende o Partido Popular presentaron preguntas por escrito, dúas formuladas por D. Xosé Crespo Iglesias e outras dúas por D. Antonio Rodríguez Rodríguez.

O voceiro popular, **D. Xosé Crespo Iglesias** pediu que, tal como era o seu dereito polo disposto polo ROF, se contestasen no Pleno ou se lle entregasen por escrito.

Engadiu, con respecto ás preguntas formuladas no Pleno do mes de novembro, que aínda non recibiron as respostas por escrito.

O **Sr. Alcalde-Presidente** dixo que das preguntas formuladas por escrito só ía responder dúas na sesión, porque as outras dúas baixo criterio do Sr. Secretario, non estaban presentadas no prazo de 24 horas de antelación á sesión plenaria que establecía o artigo 97.7 do ROF, de xeito que serían respondidas posteriormente por escrito.

Con respecto ás respostas do Pleno do mes de novembro dixo que algunhas preguntas xa foron respondidas verbalmente na mesma sesión, e as demais non se responderon por escrito porque aínda non se aprobou a acta corresponde a ese Pleno do 24 de novembro de 2016.

Seguidamente o **Sr. Alcalde-Presidente** pasou a responder na sesión plenaria as dúas preguntas formuladas previamente por escrito:

##### **1.- PREGUNTA FORMULADA POR ESCRITO.-**

**Pregunta formulada por escrito por D. Xosé Crespo Iglesias, con rexistro de entrada municipal número 9872, de data 9 de decembro de 2016.**

O voceiro popular, **D. Xosé Crespo Iglesias**, formulou por escrito a seguinte pregunta:

O tramo da Rolda Leste situado entre a Rotonda de Brántega e a rotonda da Avenida de Vila de Cruces presentaba unha falla total de iluminación, despois de que se producise o roubo do cabreado que deixou sen subministro as luminarias situadas neste recorrido. Toda vez que o goberno municipal, unha vez feita a adxudicación da rehabilitación da rolda leste, anunciou unha baixa do tipo de licitación de 300.000 euros, de arredor de 800.000 que se contemplaban para a mellora de vial, era polo que se formulaban as seguintes preguntas:

Primeiro.- Tiña constancia o goberno municipal da falla de iluminación no citado tramo como consecuencia do roubo do cabreado eléctrico?

**O Sr. Alcalde-Presidente** respondeu que si.

Segundo.- En caso de ter constancia, cal foi o motivo para non incorporar a reposición do tendido eléctrico de iluminación deste tramo no proxecto de rehabilitación do vial circunvalatorio?

**O Sr. Alcalde-Presidente** respondeu que se debeu a que foi posterior á redacción do Proxecto.

Terceiro.- Sendo coñecedores desta eiva, tiña pensado o goberno adicar parte dos 300.000 euros de “baixa” desta adxudicación a recuperar a iluminación deste vial?

**O Sr. Alcalde-Presidente** respondeu que se estaba a redactar unha memoria técnica para o seu arranxo e en función deste proxecto e o seu custo, decidiríase o que se ía facer. En todo caso, ía ser amañado no 2017.

No mes de novembro, antes do remate das obras na rolda leste, o voceiro que subscribía a presente pregunta, formulaba unha suxestión ao goberno para que tivese en conta a posibilidade de dotar de firme “antideslizante” o tramo da rolda leste entre a rotonda de Brántega e a rotonda de García Sánchez, para evitar o perigo de deslizamento dos vehículos nese tramo no inverno e coas choivas. Como queira que non se tivo en consideración, formulou as seguintes preguntas:

- Entendía o goberno que ese tramo presentaba perigo en caso de choiva ou coas baixas temperaturas do inverno?

**O Sr. Alcalde-Presidente** respondeu que non, segundo o criterio expresado polos técnicos municipais.

- Dado o perigo de deslizamento existente neste tramo, tiña pensado o goberno executar algunha acción para subsanar esa eventualidade?

**O Sr. Alcalde-Presidente** respondeu que segundo a redacción do proxecto, non tería por que haber ningún problema neste treito.

- En caso de que se tivese pensado acometela mellora, por que non se acometeu cando se formulou a nosa consideración e aínda estaba o tramo en obras?

*O Sr. Alcalde-Presidente remitiuse á resposta anterior.*

- Tiña pensado adicar parte da “baixa” da adxudicación das obras a realizar este tratamento antideslizamento?

*O Sr. Alcalde-Presidente remitiuse á resposta anterior.*

## **2.- PREGUNTA FORMULADA POR ESCRITO.-**

**Pregunta formulada por escrito por D. Antonio Rodríguez Rodríguez, con rexistro de entrada municipal número 10277, de data 26 de decembro de 2016.**

O Concelleiro do grupo municipal do PP de Lalín, **D. Antonio Rodríguez Rodríguez** formulou por escrito a seguinte pregunta:

No mes de setembro acordábase entre representantes do goberno municipal e do Partido Popular unha relación de vías nas que se ían acometer traballos de acondicionamento e mellora con cargo aos remanentes municipais que sumaban 425.963 euros.

Polo que preguntou:

- A quen se lle adxudicaron ditas obras, no caso de estar adxudicadas?

*O Sr. Alcalde-Presidente respondeu que existían informes dos Departamentos de Intervención e Contratación que recomendaban a non licitación destas obras ata máis alá do peche das contas do ano 2016. Isto, como eran conscientes, era debido ao bloqueo do PP á aprobación das modificacións de crédito no pasado mes de agosto.*

- Cando estaba prevista a realización de ditos traballos?

*O Sr. Alcalde-Presidente respondeu que a partir do primeiro trimestre do ano que viña, seguramente febreiro do ano 2017.*

- Na relación aportada polo PP, figuraban unha serie de vías que non se puideron incorporar á primeira listaxe- algunha delas, como a mellora da rúa 4, o goberno comprometeuse a realizalo con cargo á baixa da Rolda Leste-. Cando, como e en que Plan ou con que fondos se ían afrontar estes compromisos que non se incorporaron á primeira listaxe?

*O Sr. Alcalde-Presidente respondeu que primeiro había que executar as que si estaban incorporadas. Do resto recibirían información en tempo e forma.*

O edil popular, **D. Xosé Crespo Iglesias** dixo que, basicamente para ver se estaban satisfeitos ou non coas respostas, unha vez que se presentaron as preguntas ao longo do mes, querían saber cal era a razón de que non se lles respondesen as preguntas por escrito. Pidiu que as respostas do Sr. Alcalde no Pleno se lle desen por escrito.

*O Sr. Alcalde-Presidente respondeu que nese mesmo intre lle ía dar por escrito todo o que acababa de contestar na sesión plenaria e ademais, na acta do Pleno ían recollerse as respostas coas preguntas.*

O voceiro popular, **D. Xosé Crespo Iglesias** dixo que as preguntas do Pleno do día 24 de novembro de 2016 non as tiñan pero se de verdade estaban respondidas no Pleno, xa se ía ver na acta correspondente.

*As dúas preguntas presentadas por escrito por parte do grupo popular, que por non cumprir co prazo de presentación de 24 horas de antelación previas á sesión plenaria que establecía o artigo 97.7 do ROF, non foron contestadas polo Sr. Alcalde-Presidente no Pleno, senón con posterioridade por escrito, eran as seguintes:*

### **3.- PREGUNTA FORMULADA POR ESCRITO.-**

**Pregunta formulada por escrito por D. Antonio Rodríguez Rodríguez, con rexistro de entrada municipal número 10333, de data 28 de decembro de 2016.**

O Concelleiro do grupo municipal do PP de Lalín, **D. Antonio Rodríguez Rodríguez** formulou por escrito a seguinte pregunta:

Na sesión plenaria celebrada en setembro, o goberno acordaba co Partido Popular a elaboración por parte deste último dunha relación de camiños para o seu acondicionamento en zorra.

Relación de vías que rexistrou o Partido Popular o día 11 de outubro, co número de entrada 8208, e na que figuraban os seguintes camiños:

1. Lodeiro - Capilla San Caetano.
2. Albarelos - Pista do Medio do Agro.
3. Doade - Depósito Auga de Codeseda.
4. Camiño do Coto (Casas Novas- Goiás).
5. Cotarelo - Ballote.
6. Parada- Moimenta.
7. Igrexa (Parada) - Ponte dos Cabalos.
8. Maceira - Camiño do Cotón.
9. Des - Lado de Abaixo Peche do Pazo.
10. Cabreira - Rodelas.
11. Cercio - Xunto ao Campo de Fútbol.
12. Anzo - Laterais do Ave.
13. Vilar (Soutolongo) - Botos (Sestelo).
14. San Xorxe (Cristimil) - Monte de Penas.
15. Alperiz - Granxa de García.

Con posterioridade, o día 2 de novembro, e con rexistro de entrada 8172, solicitábase a

incorporación a este listaxe do vial parroquia de Xaxán que vai dende a antiga procesadora de cogomelos ata a estrada entre Cotarelo e Souto.

Tendo en conta esta relación e o acordo previo, formulou as seguintes preguntas:

- Ía o goberno acometer o arranxo destas pistas?
- Acometeu xa a mellora dalgunha delas?
- Tiñan prazos marcados e datas para a realización das mesmas?

*O Sr. Alcalde-Presidente indicou que respondería por escrito.*

#### **4.- PREGUNTA FORMULADA POR ESCRITO.-**

**Pregunta formulada por escrito por D. Xosé Crespo Iglesias, con rexistro de entrada municipal número 10334, de data 28 de decembro de 2016.**

O voceiro popular, **D. Xosé Crespo Iglesias**, formulou por escrito a seguinte pregunta:

A finais do mes de outubro, remataban as obras de acondicionamento da Rolda Leste que presenta hoxe en día algúns puntos de deterioro que agardamos se reparen con cargo á garantía da obra. No entronque ca estrada de Abrótega, propiedade da Deputación de Pontevedra, o firme do vial foi reasfaltado, como se fora municipal, ao tempo que se acometeu a mellora do vial circunvalatorio lalinense.

Por contra, nos entronques da Rolda Leste cos viais de titularidade autonómica (estrada de Vila de Cruces e estrada de Rodeiro) e nacional (rotondas ca N-640) non se acometeu o reafirmado que si se contemplou no vial de titularidade provincial. Un organismo, o provincial, que non aportou para a obra nin un só euro que non fose xa de fondos propios municipais e que, á vista da actuación, o goberno tenta dar a entender, unha vez máis, como se a obra acometese a Deputación.

Ante isto, formulou as seguintes preguntas:

- Fíxose algunha negociación con outras administracións para actuar nas rotondas ou entronques entre a rolda leste e as distintas vías estatais, autonómicas ou provincial?
- Se se fixo tal negociación, cal foi o resultado da mesma ao respecto?
- Cal foi o motivo de asfaltar o vial provincial e non preocuparse de que o resto das rotondas quedasen en condicións semellantes á de Brántega e ao resto da vía?.

*O Sr. Alcalde-Presidente indicou que respondería por escrito.*

#### **14.4.- PARTIDO POPULAR, D. XOSÉ CRESPO IGLESIAS.-**

##### **1.- ROGO.-**

Rogou ao Sr. Alcalde-Presidente que, cada vez que tivese un problema, non crease unha cortina de fume co PP, nin con el mesmo nin con *D. Román Rodríguez*, que eran as cabezas visibles do PP no Concello de Lalín.

Non lle parecía correcto que para desviar a atención pública, se recorrese a atacalos e sempre dunha maneira pouco ortodoxa, intentando dar a entender que entre el e *D. Román*

Rodríguez, había unha mala relación.

Entre eles había boa relación e de feito, era moi difícil para calquera persoa levarse mal co Conselleiro. Dixo que o Sr. Alcalde era un “cizañeiro”.

*O Sr. Alcalde-Presidente contestou que o “cizañeiro” era D. Xosé Crespo por dicir que mentres el ía en procesión, había compañeiros de goberno ríndose del e tomando unha caña.*

*Afirmou que D. Xosé Crespo si se levaba mal con D. Román Rodríguez, non ao revés.*

*Considerou que o Sr. Crespo era “minguneado” polo seu partido e ía caer en desgraza política. Xa vira o mesmo na súa casa e o Sr. Crespo non o merecía, por toda a labor que fixo polo PP. Parecíalle inxusto o comportamento que tiña o Partido Popular co Sr. Crespo porque o trataba mal, a pesar de todo o traballo que levou a cabo polo seu partido.*

*O Sr. Crespo fichou a D. Román Rodríguez, pero primeiro ao Sr. Crespo fichouno o Sr. Xosé Cuiña. Había unha estraña relación entre pais e fillos políticos en Lalín. A diferenza era que el non era fillo político do Sr. Crespo.*

**D. Xosé Crespo Iglesias** dixo que el sabía coidarse e no seu partido respectábano por is era Senador. Era mentira que lle constase ao Sr. Alcalde a mala relación con *D. Román Rodríguez*. Por iso rogu que non se malmetese con este tema.

O Sr. Tenente de Alcalde, **D. Nicolás González Casares**, dixo que o Pleno do Concello non era o lugar axeitado para falar das relacións entre os membros do PP.

Tras o debate suscitado neste tema, o Concelleiro non adscrito, **D. Juan José Cruz García** entrevistou para pedirlle ao Sr. Alcalde-Presidente que pedise desculpas polo trato que lle daba aos demais Concelleiros no Pleno.

**O Sr. Alcalde- Presidente retractouse entón das súas palabras.**

**D. Xosé Crespo Iglesias** continuou dicindo que o Sr. Alcalde-Presidente debía reconducir a súa actitude de culpar ao PP dos seus problemas e das súas eivas de xestión. De xeito contrario non contaría co seu apoio cando os necesitase, referíndose sobre todo, á Gala do Cocido.

Pediu tamén que se desculpase coa Directora da Televisión de Galicia pola súa falta de lealdade con este medio de comunicación, que sempre se distinguiu ata o de agora por axudarlle ao Concello de Lalín nun evento moi importe para o mesmo.

Debía reconducir a súa actitude con respecto a este tema e “non entrar coma un elefante nunha cacharraría”. A el incluso o seu partido lle denegou cuestións pero non o fixo público. Non debía ir por ese camiño.

#### **14.5.- CONCELEIRO NON ADSCRITO, D. JUAN JOSÉ CRUZ GARCÍA.-**

##### **1.- ROGO.-**

Rogu que, de ser o caso de que a Gala do Cocido non puidese vir para Lalín, se negociase coa Televisión de Galicia que se puidese facer a mesma gala no plató do Luar de todos os venres e polo menos non perder esa gala e poder ter a referencia televisiva para o mundo e para Galicia cun custe ínfimo e, probablemente, podendo aportar, dende Lalín, artistas locais, sendo representativa do pobo lalinense.

Pediu que constase en acta este rogo.

*O Sr. Alcalde-Presidente quedou enterado.*

E, sendo as trece horas e vinte e cinco minutos do mesmo día no que comezou, non habendo outros asuntos que trataren, e no mesmo lugar onde comezou, polo Sr. Presidente levantouse a sesión. De todo iso, pola miña condición de Secretario e feudatario público dou fe.

O Alcalde.

Dou fe. O Secretario Accidental.

Rafael Cufía Aparicio

Jorge García Fernández